



# PLAN DE CONVIVENCIA

**Colexio Concertado Plurilingüe  
Nuestra Sra. de los Dolores  
RR. De Sta. Dorotea  
Pontevedra**

**DATA APROBACIÓN POLO EQUIPO DIRECTIVO: 27/09/2018**

**Este documento intégrase no PEC e resulta coherente coas súas directrices.**

**Ten en conta propostas do claustro.**

**Foi elaborado polo Equipo Directivo, sendo informado o Consello escolar do seu contido na súa reunión do día 28 de setembro de 2018.**

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

**A concreción anual do mesmo incluírase na PXA.**

As normas de organización e funcionamento do centro incluírán as normas de convivencia que garanten o cumprimento do plan de convivencia. Recollerán, ademais, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.

DATA PRIMEIRA REVISIÓN: 16 de setembro de 2021

## TÁBOA DE CONTIDO

<b>1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.</b> .....	5
<b>2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.</b> .....	11
<b>3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.</b> .....	12
<b>3.1. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS, REEDUCADORAS E CORRECTORAS</b> .....	17
i. <b>Actividades do plan de acollida.</b> .....	17
ii. <b>Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconceito, a autoestima e a educación afectivo - sexual.</b> .....	29
iii. <b>Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.</b> .....	32
iv. <b>Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.</b> .....	34
v. <b>Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo</b> .....	36
vi. <b>Aula de convivencia inclusiva.</b> .....	36
<b>3.2. ACTUACIÓNS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR E CIBERCACOSO</b> .....	44
i. <b>Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.</b> .....	44
ii. <b>Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.</b> .....	46
iii. <b>Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan.</b> .....	46
<b>3.3. PROTOCOLO DE ABSENTISMO</b> .....	59
<b>3.4. ACTUACIÓNS FORMATIVAS, PARA O PROFESORADO E A COMUNIDADE EDUCATIVA.</b> .....	62
i. <b>Formación do profesorado</b> .....	62
ii. <b>Escola de nais e pais.</b> .....	62

<b>3.5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO .....</b>	<b>63</b>
<b>3.6. ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDEN AO SEU CUMPRIMENTO .....</b>	<b>73</b>
i. <b>Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección.....</b>	<b>74</b>
ii. <b>Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección .....</b>	<b>76</b>
iii. <b>Criterios para a elección do instrutor (Procedemento común/mediadoresno Procedemento Conciliado).....</b>	<b>79</b>
iv. <b>Gradación das medidas correctoras (art.34).....</b>	<b>80</b>
v. <b>Procedemento conciliado (Cap. IV - sección 2º) .....</b>	<b>80</b>
vi. <b>Prescrición de condutas e de correccións (art. 56). .....</b>	<b>83</b>
<b>3.7. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO. ....</b>	<b>83</b>
<b>3.8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA DO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMO DO CONTORNO. ....</b>	<b>85</b>
<b>3.9. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA .....</b>	<b>85</b>
<b>3.10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.....</b>	<b>86</b>

## 1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

### DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

Nome: Colegio Concertado Plurilingüe Nuestra Señora de los Dolores  
Código: 36006705  
Entidade Titular: Hermanas de Santa Dorotea  
Domicilio: Rúa Alfonso XIII, 2 e 12  
Concello: Pontevedra  
Provincia: Pontevedra  
Teléfono: 986 85 66 50  
FAX: 986 85 68 54  
Mail: cpr.nuestrasenora.dolores@edu.xunta.es  
Páxina WEB: www.colegiodoroteaspontevedra.com

Ensinanzas: Educación Infantil  
Educación Primaria  
Educación Secundaria Obrigatoria

Nº unidades: Ed. Infantil - 9  
Ed. Primaria - 18  
E.S.O. - 12

Situación xurídica: Centro privado concertado plurilingüe

### DESCRIPCIÓN DA CONTORNA

O centro ten unha localización urbana, practicamente no centro da cidade de Pontevedra, e atópase nas proximidades dunha das vías de comunicación da cidade coa súa contorna mais expansiva (Poio -Sanxenxo).  
É unha zona con todas as características dunha cidade na que domina claramente o sector servizos, especialmente a vida comercial.

### CARACTERÍSTICAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

O **Centro**, como *escola católica*, asume a oferta cristiá co estilo propio que a caracteriza, e comprométese a desenvolver os valores e actitudes recollidos nos seus Ideario e Proxecto Educativo.

O **Equipo Docente** está formado por profesionais unidos nun ideario común e traballan para potenciar o crecemento dos seus alumnos. Todos eles son segrares.

As **familias**, a maioría ten o seu domicilio na zona de influencia do Colexio. Moitas pertencen á clase media, nelas traballan xeralmente ambos membros da parella, cunha boa economía familiar e con acceso á cultura e ás novas tecnoloxías. Tamén hai unha porcentaxe crecente de familias que están a sufrir as consecuencias da actual situación económica.

A maioría das familias teñen un ou dous fillos. Constatase un progresivo incremento de familias con problemas na súa convivencia e na súa estabilidade.

Os pais que envían aos seus fillos ao Colexio manifestan, ante todo, a súa preocupación por unha educación de calidade e unha formación integral da persoa na que os valores cristiáns teñan un papel fundamental.

Os valores que máis aprecian na educación que ofrecemos son: O esforzo, a responsabilidade, a atención personalizada, o seguimento ao alumno, a solidariedade ..., valores que sen dúbida facilitan a convivencia.

As familias conceden gran importancia ás reunións Centro – Familia na etapa de Educación Infantil e nos primeiros cursos de Educación Primaria, tendencia que descende conforme avanza na Educación Secundaria Obrigatoria, aquí mostrándose máis partidarias do contacto individual nas titorías e cos membros do equipo docente.

Constatase pouca participación nas asembleas da Asociación de Pais e nos procesos de elección dos seus representantes no consello escolar.

Os **alumnos**, deles podemos dicir que teñen a problemática habitual nas diferentes idades, pero en xeral, están dispostos a participar nas distintas propostas que se lles ofrecen.

As dificultades de aprendizaxe, en todas as etapas e tipos de alumnos, son cada vez máis frecuentes e reclaman unha atención maior pola nosa parte. Atención que se presta a través do Departamento de Orientación, profesoras de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, e por profesores do Centro con horas lectivas dedicadas ao reforzo educativo.

Aínda que en xeral os nosos alumnos son disciplinados e pouco conflictivos, obsérvanse neles algunhas características familiares que lles afectan negativamente: As esixencias laborais, sociais e culturais dos pais e o ritmo de vida actual fan que cada vez pasen menos tempo cos seus fillos, delegando moitas das responsabilidades da súa educación nos avós ou en persoas contratadas para o seu coidado, e tamén no Colexio. Obsérvase que os alumnos pasan moito tempo sen a presenza de seus pais, buscando en moitos casos modos alternativos de non estar sos: Móbil, televisión, Internet, amigos, etc. Estas carencias familiares inténtanse compensar, a veces, con excesos de protección que retrasan a súa madurez e a súa capacidade para asumir responsabilidades.

Aínda que en xeral o profesorado pode desenrolar as súas clases con normalidade, existen dificultades de convivencia con determinados alumnos, ou nalgún grupo en concreto, que esixen coordinar actuacións en relación aos conflitos xurdidos e aprender ou perfeccionar estratexias para prevelos.

## **ANÁLISE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO**

Na actualidade o clima de convivencia no centro é bastante bo en xeral.

O clima do Centro é positivo e o sistema de relacións, tanto dentro dos diferentes sectores da Comunidade Educativa (profesores, alumnos, familias e P.A.S.), como entre eles, é correcto e respectuoso.

Os profesores manifestan maioritariamente que o comportamento dos alumnos é, habitualmente, bo e respectuoso. Encóntranse a gusto no Centro, lévanse ben cos alumnos e consideran que estes teñen unha imaxe positiva deles.

Tampouco as familias presentan unha problemática determinada que provoque tensións ou intervencións educativas especiais, agás o aumento do número de

pais/nais separados/divorciados que xeran certa conflitividade allea ao centro pero que si está a repercutir nel.

Na etapa da **Educación Infantil**, os conflitos máis habituais na aula débense a que non saben respectar quendas nin espazos: todos queren falar e ser escoitados de primeiros (o mesmo ocorre co lugar que ocupan ou con obxectos que posúen) e cando non é así ás veces xurde o conflito.

Estes pequenos conflitos soluciónanse coa figura do adulto, neste caso é a profesora quen media escoitando a versión das partes, buscando una solución/acordo que cerre o problema, e recordándolles as normas de clase como vía para evitar estas situacións. Pode haber outro tipo de conflitos que obedecen ao comportamento individual que derive en agresividade; cando é así tratamos de solucionalo na clase, comunicarllo a súa familia para traballar en equipo e se é necesario pídesse a colaboración do Departamento de Orientación.

Na **Educación Primaria**, os alumnos presentan, por lo xeral, escasas situacións moi conflitivas pero é preciso tomar nota dalgúns comportamentos inadecuados e ir levando a cabo accións correctivas e, sobre todo, preventivas de cara a etapas posteriores que tenden a ser mais conflitivas.

Mais que conflitos, moitas son situacións que xeran entre os alumnos discrepancia de opinión e que derivan, en ocasións, en reaccións que se deben evitar como:

- Pelexas pola organización na fila.
- Empurróns e patadas.
- Insultos e palabrotas.
- Disputas polo material.
- Non deixar xogar a un compañeiro.
- Grupiños de nenos ou nenas.
- Acusarse entre eles.
- Illarse voluntariamente.
- Non gardar a súa quenda á hora de falar.
- Non utilizar as normas de educación.
- Practicar chantaxe emocional entre iguais.

Tratamos de resolver estas situacións a través do diálogo, imponse a frase *“Imos facer as paces”*.

Nestas idades desenvólvense dous sentimentos importantes: Autoestima e competencia, por iso os nenos deben sentirse capaces de resolver algunhas cousas por eles mesmos, axuda moito que eles se sintan valiosos e competentes. O neno debe saberse valorado e respectado, por iso o deber do mestre será actuar como mediador para que os rapaces solucionen o conflito por si mesmos.

Outra forma de prever e solucionar estes conflitos son as titorías, nas que se traballa a importancia da comunicación, a empatía, a importancia de escoitar ao que temos ao lado... todas as habilidades básicas de mediación.

Ademais, a implicación das familias axuda a solucionar este tipo de problemas sempre que se acostume aos nenos, desde idades temperás, a empregar o diálogo como premisa fundamental para solucionar calquera problema.

Son poucos os casos que requiren de medidas máis “fortes”.

A conflitividade medra na **ESO**, son conflitos que se resolven fundamentalmente co diálogo e con medidas disciplinarias de carácter menor recollidas nas **normas de convivencia do centro**.

As incidencias máis relevantes son:

- As interrupcións do traballo e as explicacións (mal comportamento, falar moito ...).
- A falta de atención.
- A falta de traballo, estudo e esforzo.
- A falta de organización: Esquecerse da axenda, dos libros ou doutro material escolar.
- Non presentar as comunicacións no prazo indicado.
- Non respectar o material dos demais.
- Os retrasos.
- A falta de limpeza nas aulas.
- Os insultos, as bromas pesadas.
- Desobediencia ou reiteración de avisos.
- Uso do móbil na clase.

Non son situacións xeneralizadas, e a súa incidencia pode variar dun curso ao outro.

Pode haber situacións e conflitos máis graves, pero non deixan de ser puntuais.

Poucas son as situacións de violencia, agás algún conflito dalgún alumno ao que veñen a esperar á saída do centro rapaces de outros colexios por problemas exteriores, situación que se resolven coa colaboración inmediata da policía nacional.

Entre as **causas** podemos atopar no alumno falta de motivación e responsabilidade, dificultades de aprendizaxe, impulsividade, falta de disciplina e pouca reflexión, falta de habilidades e destrezas para resolver os conflitos adecuadamente, influencia negativa das novas tecnoloxías (por un uso inadecuado), no recoñecer a autoridade do adulto e profesor... No caso de alumnos inmigrantes ou que proceden doutros Centros educativos observase un descoñecemento das normas e hábitos do Centro e polo tanto unha evidente necesidade de explicar con claridade a cultura do noso Centro e que esperamos dun alumno que se incorpora ao mesmo. Nalgunhas familias encontramos falta de colaboración e/ou implicación nos aspectos escolares (no revisan si traen o material a clase, si traballan na casa, si teñan deberes ou avisos dos profesores na axenda...) e incluso ás veces excesiva delegación da educación do fillo no Colexio ou desautorización do profesor e xustificación de condutas do alumno.

### **RESPOSTA DO CENTRO ANTE ESTAS SITUACIÓNS**

A resposta educativa do Centro é a de promover unha actitude de participación dos distintos sectores da comunidade educativa a través dos mecanismos que ofrece este plan de convivencia. Así, buscarase o diálogo, o respecto e a comunicación para solucionar calquera conflito e, tamén, procurarase potenciar a mellora da convivencia a través da adquisición de habilidades de resolución de conflitos.

Importante dentro desta resposta será a **relación coas familias**, elas son as primeiras responsables da educación dos seus fillos e deben participar e intervir axeitadamente



no proceso educativo. O Centro ofrécelles información, asesoramento e apoio no relativo a este tema.

A relación que mantén habitualmente o Centro cas familias do alumnado é boa e correcta, habitual e fluída, e faise a través de:

- Reunións xerais cas familias dun curso, nas que reciben informacións xerais sobre a dinámica dese curso, incluíndo o tema da convivencia .
- Entrevistas persoais cos/as titores/as nas que recibir ou intercambiar informacións, opinións e recomendacións sobre o proceso educativo dos seus fillos e o funcionamento da aula e do colexio.
- Entrevistas persoais co profesorado, para poder recibir informacións e orientacións prácticas acerca dunha determinada materia.
- Entrevistas co Departamento de Orientación, para promover e guiar a intervención educativa, a eliminación de condicionantes negativos do ambiente familiar e o seguimento daquelas familias que o necesiten para a aplicación dos programas puntuais que se estean aplicando.
- Os servizos do Centro en secretaría, porterías e administración do Centro tamén están comprometidos ca nosa oferta educativa e co obxectivo de desenvolver os valores e actitudes recollidos no seu Ideario e Proxecto Educativo, incluíndo todo o referido á convivencia.
- A páxina Web do Centro é outro dos canles de comunicación cas familias en todo o referente ao funcionamento do centro, contando tamén cunha aplicación Moodle para ter unha comunicación instantánea no referente ás faltas de asistencia dos alumnos.

De calquera asunto significativo que teña que ver ca conduta dun alumno, as familias teñen inmediato coñecemento, ben por escrito, por teléfono ou a través dunha entrevista. A resposta das familias é, en xeral, rápida, receptiva e de colaboración.

Temos unha **Asociación de Pais e Nais de Alumnos**, mantendo, a súa Xunta Directiva, un estreito contacto co Equipo Directivo do Centro e ambos organismos cooperan para todo o que mutuamente se solicitan. Esta asociación da resposta a unha necesidade que aparece cada vez máis demandada nas reunións e nas titorías individualizadas: A formación das familias, tamén neste tema da convivencia escolar.

## **ASPECTOS DA XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DO CENTRO QUE INFLÚEN NA CONVIVENCIA**

A nosa organización e funcionamento respecto do Plan de Convivencia, é a seguinte:

### **Elaboración, aprobación e aplicación do Plan de Convivencia**

O Plan de Convivencia foi elaborado e aprobado polo **Equipo Directivo**, que se responsabiliza da súa redacción.

O Plan de Convivencia foi presentada ao **Consello Escolar do Centro o día 28 de setembro de 2018**.

O **Equipo Directivo** é o responsable de iniciar e aplicar os protocolos cando se considere que un alumno/a dificulta de xeito grave ou moi grave a convivencia escolar ou se evidencie unha situación de acoso.

O **profesorado** asumirá o Plan de Convivencia, velando polo cumprimento das Normas e actuando nas alteracións que dificultan levemente a convivencia escolar, e informará diso ao titor do alumno.

O **titor** coordinará as medidas oportunas respecto do alumnado que presenta alteracións de conduta que dificultan levemente a convivencia escolar, tamén tomará a iniciativa e levará á práctica o modelo de actuación respecto do alumnado que presenta alteracións de conduta que dificultan gravemente a convivencia escolar, e colaborará na resolución nas posibles situacións de acoso e intimidación no seu grupo - aula.

O **orientador**, a petición do Equipo Directivo ou do titor, asesorará e axudará en calquera fase do proceso, tanto no modelo de actuación respecto do alumnado que presenta alteracións de conduta que dificultan leve ou gravemente a convivencia escolar, como nas posibles situacións de acoso e intimidación con alumnos do seu grupo - aula, e realizará as accións necesarias que sexan da súa competencia en relación a estas situacións.

O **Director** do Centro e o **Xefe de Estudos**, cada un no ámbito das súas competencias, favorecerán a convivencia e resolverán os posibles conflitos, conforme á normativa vixente e aos criterios fixados neste Plan de Convivencia.

#### **Coordinación do Plan de convivencia con outros instrumentos do Centro.**

O Plan de Convivencia forma parte do **Proxecto Educativo do Centro**, da **Programación Xeral Anual** e é coherente cos principios que se derivan do **Carácter Propio**.

No **Proxecto Educativo do Centro** están incluídas as intencións e os fins educativos que orientan o Plan de Convivencia.

Na **Programación Xeral Anual** incluíranse as actuacións previstas no Plan de Convivencia para cada curso académico.

Na planificación da **práctica docente** diaria e no seu desenvolvemento polo equipo docente deberán terse en conta as directrices previstas no Plan de Convivencia.

Na planificación da **orientación educativa** deberán terse en conta as directrices previstas no Plan de Convivencia.

Na planificación da **Acción Titorial** prestarase especial atención á educación na convivencia e na resolución de conflitos.

## 2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA

“ A axeitada convivencia no centro é unha condición indispensable para a progresiva maduración dos diferentes membros da Comunidade educativa...”  
PEC, capítulo III.

Isto materialízase no noso centro en acadar un bo clima de convivencia entre todos os que formamos parte del, baseado no respecto, o diálogo e a educación. Aprender a convivir cos demais é unha finalidade esencial da educación e representa un dos principais retos para os actuais sistemas educativos. Trátase dunha aprendizaxe valiosa en si mesma.

O obxectivo esencial deste plan é acadar unha relación respectuosa e pacífica entre todos os membros do centro e, chegado o conflito, conseguir diálogo e colaboración entre as partes, sempre tendo en conta o respecto ás normas.

Os **obxectivos mais concretos** deste plan son:

- Mellorar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa, implicándoos en actividades que melloren a convivencia no Centro.
- Previr os conflitos dentro e entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- Fomentar a implicación das familias na transmisión aos seus fillos de valores que favorezan a convivencia na familia, no Centro e na colaboración cos profesores na tarefa educativa.
- Formar nos valores propios dunha sociedade democrática, participativa e tolerante.
- Fomentar hábitos de traballo, estimular a creatividade e potenciar o desenvolvemento persoal e o espírito crítico.
- Desenvolver estratexias de formación que permitan avanzar nos distintos campos do saber, para conseguir un futuro profesional digno e unha sociedade máis xusta.
- Cultivar unha actitude aberta e crítica, ante os cambios tecnolóxicos e sociais que se producen en nesta sociedade.
- Fomentar un ocio activo e uns hábitos de conduta que favorezan unha vida saudable.
- Desenvolver as capacidades de toma de decisións responsables, e aprender a dicir NON fronte a influencias ou presións negativas.
- Educar no saber escoitar aos outros e na aceptación das opinións dos demais.
- Crear un ambiente de traballo en equipo, potenciando actividades de grupo que logren nos nosos alumnos un clima de san e alegre convivencia.
- Potenciar a comunicación do Centro cas familias, co obxectivo de que se impliquen plenamente na educación dos seus fillos.
- Mellorar a comunicación entre todos os membros da Comunidade Educativa.
- Mellorar o grado de aceptación e cumprimento das normas do Centro.
- Favorecer un clima de convivencia desde o diálogo, a acollida e a busca pacífica de solucións.
- Previr e/ou resolver pacificamente os conflitos.
- Conseguir a integración efectiva de todo o alumnado.
- Previr o absentismo escolar e mellorar a puntualidade.

### 3. ACTUACIONES, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIONES ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.

#### **ACTUACIONES E MEDIDAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA**

Este Plan de Convivencia vai dirixido inicialmente a establecer melloras na convivencia na nosa Comunidade Educativa, e aborda o deseño de medidas tanto de prevención como de intervención que requiren a colaboración e a implicación de todos os sectores desta comunidade educativa.

O tipo persoa que o noso Centro promove para a sociedade do futuro, levounos a concretar accións en aqueles Valores que orientan a nosa acción educativa, e entre estes valores está:

#### **“EDUCAR EN E PARA A CONVIVENCIA”**

---

OBXECTIVOS:

##### ***Crear un clima sereno e agradable***

Acollendo afablemente a todos  
Ofrecendo un trato sinxelo e cercano

##### ***Educar para a “autonomía” respectando as diferenzas***

Tendo en conta a cada alumno coa súa realidade  
Valorar as calidades positivas sen fomentar a competitividade  
Axudando a recoñecer e aceptar os erros e as censuras como elementos formativos  
Fomentando a seguridade e a confianza en si mesmos

##### ***Fomentar o respecto mutuo e do entorno***

Mantendo unhas relacións cordiais entre todos  
Saudando, pedindo e agradecendo educadamente o que necesitamos  
Respectando a puntualidade, a orde, necesarios para un bo traballo no Centro  
Coidando o material escolar, os mobles e o edificio (as instalacións)

##### ***Ser educadores de todos os alumnos do Colexio***

Esixindo todos o mesmo  
Afrontando os conflitos serenamente no momento en que se presenten  
Atendendo ás fases evolutivas dos alumnos sabendo que algunhas de esas etapas - adolescencia son máis propensas á inseguridade e esixen maior paciencia.

## **ACCIÓNS:**

Anualmente concrépanse nun **Obxectivo para todo o Centro**, que se recolle no Plan Xeral Anual, así como a súa avaliación, que se realiza a finais do curso e que ven recollida na Memoria Anual.

Faise un seguimento trimestral de todo o que se faga para acadar este obxectivo xeral, e ó final do curso temos unha avaliación do grao de consecución deste obxectivo e de tódalas medidas aplicadas para o seu logro. Facémolo a través duns indicadores axustados a cada unha das pautas de cada unha das liñas de traballo, e en relación a estes indicadores o obxectivo marcado é acadar que o 80 % dos alumnos participen activamente nesas actividades programadas.

### **Na organización e planificación xeral da actividade docente**

Con relación ás actuacións de organización e planificación xeral da actividade docente, conectadas coa formación da convivencia e resolución dous conflitos escolares, propoñemos no noso Centro o seguinte:

**Obxectivo** Favorecer as habilidades e estratexias sociais e de comunicación no profesorado, orientadas á educación na convivencia e á resolución dos conflitos na escola de forma non violenta.

**Medidas** Reflexión e acordo de criterios sobre o papel do profesorado na aula, como forma de exercer o liderado e a autoridade de forma positiva.  
Uso da dinámica de grupos na marcha cotiá da aula (integración e cohesión no grupo aula).  
Aplicación de habilidades e estratexias de comunicación.  
Aplicación de habilidades e estratexias para manexar os conflitos.  
O traballo cooperativo e en equipo, tanto na marcha diaria das clases como en momentos concretos durante o curso (Festival de Nadal, Semana Cultural .....).

### **No ámbito da titoría**

Entendemos que a figura da titoría é unha peza clave na educación da convivencia e na mediación de conflitos no centro escolar.

Unha boa **acción titorial** seguindo a liña do noso Centro é o camiño natural e o instrumento máis profundo de axuda e mellora da convivencia. Para isto o titor/a está preparado e motivado, utilizando todos os instrumentos que ten ao seu alcance. Recibiu formación en resolución de conflitos e intervén cun seguimento diario tanto cos seus alumnos como coas familias.

Neste sentido, propoñémonos no noso Centro o seguinte:

**Obxectivo** Desenvolver e aplicar estratexias no grupo - aula orientadas á educación na convivencia e á resolución dos conflitos na escola de forma non violenta.

**Medidas** Actividades para desenvolver os hábitos e comportamentos sociais básicos do alumnado.

Actividades para desenvolver as habilidades sociais e de comunicación

Actividades sobre a necesidade dunhas normas e duns límites.

Actividades sobre as canles de axuda e comunicación no centro escolar.

Actividades sobre estratexias e procesos para solucionar os conflitos cando xurdan no centro escolar.

Actividades sobre as posturas e actitudes ante o conflito na escola.

Actividades sobre educación emocional (coñecemento de si mesmo, autocontrol, comprensión das emocións dos demais, etc.)

Actividades sobre intelixencia emocional.

Pautas e técnicas de autocontrol que se empregan e aprenden aos nenos en situacións de tensión ou agresividade.

A potenciación da mediación espontánea entre iguais.

A entrevista educativa e orientadora. Trátase dun potente instrumento do titor/a. É un proceso que persegue chegar a acordos de actuación, respectando sempre o protagonismo do entrevistado. Este proceso realízase mediante unha análise de datos e unha toma de decisións reflexiva, por iso é tamén orientadora. Non se trata, pois, de que o titor exprese que debe facer ou que lle convén ao entrevistado, si de axudarlle a reflexionar e servir de guía para a análise.

Colocación e distribución física da clase. A colocación do alumnado na aula é con frecuencia un foco de conflitos, ás veces patentes (protestas, enfrontamentos), ás veces latentes (malestar, enfado contido)... Para evitar todo isto, os titores unifican criterios respecto aos supostos que deben rexer a colocación do alumnado dentro da aula, co obxectivo de crear o ambiente de atención e traballo suficientes como para que todas as persoas poidan aprender e convivir. Ademais préstase atención aos detalles do aula para darlle un aspecto cálido e ordenado adaptando a colocación do aula ao tipo de traballo ou finalidade que se persigue.

Programa de acollida de alumnos novos ou que chegan a lo longo do curso. Protocolo que axuda á integración e coñecemento dos novos alumnos nos costumes e normas do Centro. Alumnos acompañantes na fase inicial do curso para a súa incorporación á clase.

**Obxectivo** Tomar a iniciativa e coordinar a acción conxunta do equipo de profesores que imparten área ou materia ao mesmo grupo.

**Medidas** As normas do Centro e da clase. Implicar ó alumnado no coñecemento das Normas de Convivencia do Centro en xeral e da aula en particular, como primeiro paso para a súa implicación no seu cumprimento e axudar para acadar un axeitado clima de traballo na aula. Tamén falar das consecuencias do seu incumprimento.

Adoptar un proceso para resolver os conflitos que poidan xurdir dentro da aula, proceso no que a asemblea de clase teña un papel relevante.

### **No ámbito da orientación educativa psicopedagóxica**

Entendemos que a figura do Orientador é unha peza clave como asesor e como executor de medidas relacionadas coa convivencia. Neste sentido, propoñémonos no noso Centro o seguinte:

**Obxectivo** Coñecer que proceso seguir, e cales son os criterios e medidas ou actuacións educativo - pedagóxicas máis pertinentes respecto ao alumno/a que presenta alteracións conductuais que dificultan a convivencia escolar.

**Medidas** Intervención, cando se requira os seus servizos, nos diversos protocolos de actuación dos que se dota o Centro, especialmente no diagnóstico. Actuación como canle de comunicación e axuda ante calquera conflito por requirimento dalgún membro da comunidade escolar. Colaboración na formación do profesorado en estratexias e habilidades de comunicación e de resolución dos conflitos no centro escolar.

### **No ámbito Pastoral e Acción Social**

Entendemos que a pastoral dentro dos nosos centros ten un papel fundamental en relación á prevención de determinados conflitos escolares e condutas violentas. Neste sentido, propoñémonos no noso Centro o seguinte:

**Obxectivo** Proporcionar diferentes momentos de reflexión na xornada escolar ou datas significativas, colaborando así ao recoñecemento e desenvolvemento dos valores recollidos no Carácter Propio.

**Medidas** Inicio do día cuns minutos de reflexión (Bos Días)  
Realización de actividades que fomenten actitudes de paz: xornadas de convivencia e acollida do novo alumnado, Día da paz, Operación Quilo, Día dos dereitos humanos, Día internacional para erradicar a violencia de xénero, día do bocadillo (Perú)....  
Grupos de animación e pastoral xuvenil  
Organización e celebración da Festa de Sta. Paula

### **No ámbito das actividades e servizos complementarios ou extraescolares e nas actividades deportivas**

Entendemos que todo membro da Comunidade Educativa, no seu ámbito de actuación, é unha peza clave tanto no control, coma na educación da convivencia. Neste sentido propoñémonos no noso Centro o seguinte:

**Obxectivo** Sinalar os criterios, normas e pautas de actuación para asegurar o control e a actuación adecuada no desenvolvemento dos servizos complementarios así como nas actividades extraescolares e complementarias.

**Medidas** Velar polo cumprimento das normas xerais de convivencia do Centro. Esixir o cumprimento destas normas ao alumnado que utilice estes servizos e actividades, e tamén aos axentes externos que poidan participar/intervir nestas actividades.

Conseguir educar a través do deporte é unha peza clave na educación da convivencia e na resolución de conflitos escolares. Por iso, as actividades deportivas nas que participan nosos/ás alumnos/ás (ligas internas, competicións diversas,...) desenvolvidas tanto dentro do recinto escolar como fóra deste, terán como piares básicos a deportividade, o respecto polo adversario, a disciplina, a corrección e o coñecemento e aplicación dos correspondentes regulamentos.

Para lograr este obxectivo necesítase a colaboración de distintos membros da Comunidade Educativa: escolares participantes, Equipo Directivo, coordinadores de deportes ou similares, monitores, adestradores, animadores (familiares, amigos, compañeiros do centro...), persoal de servizos do centro encargados do mantemento das instalacións...

**Obxectivo** Sinalar os criterios, normas e pautas de actuación para asegurar o control e a actuación adecuada no desenvolvemento das actividades deportivas escolares.

**Medidas** Esixir aos membros da Comunidade Educativa partícipes das actividades deportivas, o cumprimento das normas de comportamento.

### **No ámbito familiar**

Entendemos que a familia é a peza clave tanto no control, coma na educación da convivencia e resolución de conflitos escolares. Neste sentido e con respecto á coordinación coas familias, propoñémonos no noso Centro o seguinte:

**Obxectivos** Acordar e coordinar criterios, pautas de acción e actuacións concretas coas familias, orientadas cara á educación da convivencia, a resolución de conflitos no Centro escolar, a prevención e o tratamento da violencia.

**Medidas** Presentación da normativa ás familias cada curso, adaptada ao alumnado, e dos criterios de actuación, coa finalidade de coordinar a acción educativa; así como das consecuencias do seu incumprimento, dos procesos de actuación e canles de comunicación como axuda e protocolos de actuación ante as alteracións leves do clima escolar, alteracións graves, moi graves e situacións de acoso e de violencia. Asesoramento ás familias tanto en titorías como en reunións.



## **No ámbito social inmediato**

Entendemos que os axentes educativos extraescolares xogan un papel relevante con relación á actuación ante determinados conflitos escolares e condutas violentas. Neste sentido e con respecto á coordinación con estes, propoñémonos no noso Centro o seguinte:

**Obxectivos** Coordinar as accións cos axentes extraescolares relacionados coa resolución dos conflitos no Centro e prevención e tratamento da violencia.

**Medidas** Aplicación do protocolo de actuación conxunto, entre o Centro e a asistencia social municipal, para casos de absentismo e similares.  
Aplicación do protocolo de actuación conxunto, entre o Centro escolar e a Policía municipal e nacional, para prevención e para actuación ante casos graves de violencia e similares.  
Posta en marcha de actividades formativas que impliquen ao ámbito social que nos envolve: ONGs, Servizos Sociais Concello, Centro de Saúde, Policía Municipal, Policía local, Asociacións antidrogas...

### **3.1. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS, REEDUCADORAS E CORRECTORAS**

#### **i. Actividades do plan de acollida.**

#### **Introdución**

---

Todos os anos incorpóranse ao centro novos alumnos: Para Educación Infantil, outros alumnos procedentes doutros colexios ou inmigrantes. E sen dúbida que non é fácil para ningún deles: Pásase dun ambiente que se coñece e domina a outro descoñecido e todos estes cambios provocan ansiedade, malestar e incerteza.

No proceso de adaptación, as persoas teñen que coñecer ese lugar, facelo propio, establecer vínculos de relación. O ambiente debe presentarse rico en relacións e solidario coas necesidades de todos. É un proceso biunívoco, caracterizado pola reciprocidade, onde o contexto mesmo se modifica para acoller, para saír ao encontro. O Centro terá a responsabilidade de programar e organizar esta incorporación á escola cunha planificación coidada, especial e de atención particular a cada quén, recoñecendo que a forma de resolver estas primeiras experiencias sociais e educativas terá grande influencia na historia escolar das persoas incorporadas.

Este programa trata de dar resposta a esta necesidade, contemplando as accións a desenvolver en relación coa incorporación do novo profesorado e alumnado co obxecto de coordinar estas para a acollida satisfactoria dos recen chegados, tendo en conta que algunhas actuacións deberán complementarse con outras recollidas no PXAD.

## **Obxectivos**

---

- Asumir como Centro, dun xeito global, o deseño e posta en práctica das respostas educativas que precisa este alumnado.
- Facilitar o tránsito da familia ou dunha escola cunhas relacións coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación.
- Establecer liñas de colaboración coas familias, informais e implícitas no período de adaptación.
- Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación, favorecendo a sensación de seguridade, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización diferente e a un mundo relacional distinto.
- Conseguir unha idónea adaptación do alumnado á escola para o seu correcto desenvolvemento.
- Favorecer a relación dos nenos novos cos seus compañeiros.
- Fomentar actitudes de respecto cara ao alumnado inmigrante e facilitar o proceso da súa integración.
- Facilitar o coñecemento do Centro e do seu funcionamento ao novo profesorado, favorecendo a integración na súa dinámica de traballo.
- Acadar o coñecemento das circunstancias persoais de cada neno.

## **Desenvolvemento**

---

Para acadar os obxectivos deste programa de acollida, desenvolveranse as seguintes actuacións con:

### **Alumnos de nova incorporación**

---

#### **Nenos de Educación Infantil**

Na matriculación: Ás familias durante a matriculación, recibirán xa unha informativa básica acerca do Centro e respondendo ás preguntas que se susciten. Anticipáselles que no mes de xuño serán convocadas a unha primeira xuntanza co profesorado sen a presenza dos nenos para coñecer o Colexio e todo o relativo ao proceso de incorporación destes.

Durante a 1ª quincena de xuño: O equipo docente de Educación Infantil analizará os datos do novo alumnado admitido. Se houberse nenos con NEAE o Departamento de Orientación terá un primeiro contacto coas familias para recoller información sobre o alumnado. Posteriormente determinarase, se fose o caso, as actuacións pertinentes.

Durante a 2ª quincena de xuño: O equipo de educación infantil fará unha xuntanza informativa xeral coas familias. Sobre todo, é importante que os pais e nais reciban nesta primeira reunión todas as informacións prácticas relativas á vida da escola e á permanencia nela do seu fillo e sexan conscientes da necesidade de colaboración coa escola.

Puntos que se poden tratar nesta primeira reunión:

- Expoñer as liñas básicas do proxecto educativo.
- Informar sobre o horario da aula (distribución do tempo, actividades...).
- Informar sobre o profesorado especialista co que se conta.
- Xustificar e explicar o período de adaptación.
- Explicar a importancia de preparar ó alumnado no verán reforzando hábitos que favorezan a súa autonomía en alimentación, vestido, aseo e control de esfínteres.
- Presentar en que forma se planificará a entrada graduada e cal será o horario
- Expoñer as respostas á entrada na escola que os nenos poden manifestar en canto a alteracións de comportamento e como actuar ante estas condutas.
- Comentar a postura que deben manter as familias, cunha actitude non proteccionista e que transmita unha imaxe real da escola.
- Anticipar que durante o mes de setembro se realizarán as entrevistas para recadar información significativa.
- Informar dos diferentes servizos que ofrece o Centro escolar.
- Invitar aos pais e ás nais a expresar as súas dúbidas, inquedanzas e iniciativas.
- Cubrir a ficha individual de cada alumno.
- Cubrir a enquisa sobre a lingua dominante no ámbito familiar.

Visita ao centro do alumnado xunto coa súa familia. É conveniente que os nenos acudan ao Centro para ter os primeiros contactos co grupo, materiais, espazos, profesorado, persoal laboral e alumnado dende a proximidade tranquilizadora do familiar que o acompaña. As quendas de visita quedarán establecidas na reunión anterior.

*Durante a 1ª quincena de setembro:* O equipo docente de educación infantil:

- Estudará a realidade do novo alumnado matriculado.
- Momento da incorporación. Período de adaptación con horario reducido.

*Durante a 2ª quincena de setembro:*

- O alumnado de continuidade no centro virá dende o primeiro día en xornada completa.
- Realizará a entrevista persoal ás familias co obxecto de recompilar datos sobre o alumno.

### **Alumnado procedente doutros centros**

---

*No momento da solicitude de admisión e/ou matrícula:*

A o formalizar a matrícula, se lles informará ás familias acerca do colexio e se responderá ás preguntas que se susciten.

Os nenos poden visitar o colexio acompañados dalgún membro da familia para ter os primeiros contactos co grupo, materiais, espazos do Centro, profesorado, persoal laboral e alumnado

### No mes de setembro ou no momento da incorporación:

O profesorado - titor convocará ás familias e ao alumnado que se incorpora a unha entrevista persoal, na que se presentará o funcionamento xeral do centro e se recollerá aquela información que o correspondente equipo de nivel estime pertinente. Tamén se aproveitará para ensinalles a aula e o centro, se aínda non o coñeceran.

### **Alumnado inmigrante**

---

A incorporación crecente de alumnado inmigrante ao noso centro en calquera momento do curso escolar e as singulares características e necesidades destes nenos fai necesario dedicarlles un espazo especial dentro do noso Plan de Acollida.

A chegada ao centro educativo supón para un alumno inmigrante un duro impacto psicolóxico ao ter que enfrontarse a unha situación nova, un entorno moi diferente ao seu do que descoñece case todo: en moitos casos a lingua, os seus compañeiros da clase, o centro coas súas regras propias, o tipo de actividade escolar, etc. E todo iso nun momento persoal difícil, ao estar vivindo simultaneamente a perda de todo o que lle era querido ata ese momento. Esta situación agrávase cando a súa experiencia e bagaxe educativos son moi distintos aos do resto dos seus compañeiros.

Así, estes alumnos enfróntanse frecuentemente con dificultades como:

- Utilización na súa vida cotiá e en todo o proceso de ensino - aprendizaxe dunha lingua diferente á lingua materna.
- Diversos referentes culturais: o que lle ofrece a escola e o que atopa na casa, que adoitan obedecer a dúas concepcións distintas de vivir e de actuar.
- Diferentes niveis académicos: algúns alumnos presentan un ou varios cursos de desfase curricular en relación á súa idade.
- Dificultades de adaptación ao novo lugar de residencia que condicionan a socialización: alumnos que, en ocasións, non teñen amigos cos que tratar ou fano sempre con nenos da súa propia nacionalidade.

### Sensibilización da comunidade educativa nunha educación intercultural

O Programa de Acollida afecta a toda a comunidade educativa e non só ao alumnado que se incorpora. Será necesario potenciar competencias interculturais con todos os axentes que interveñen directa e indirectamente na tarefa educativa, a fin de desterrar estereotipos e prexuízos que condicionan a nosa actitude e a dos demais e desenvolver actitudes e habilidades para a interacción e o intercambio (de normas, de valores, crenzas, estilos) para chegar a unha convivencia entre persoas dotadas da mesma dignidade no marco duns valores esenciais compartidos.

Esta labor levarase a cabo con:

- O alumnado, a través da titoría e de todas as áreas do currículo por medio de actividades que favorezan habilidades e competencias sociais, así como a resolución de conflitos entre iguais.
- Os pais, mediante actuacións encamiñadas a ter unha visión positiva da inmigración e das persoas que se incorporan á comunidade educativa.

- O profesorado, a través de iniciativas e medidas de atención educativa que favorezan a integración de todos os alumnos.

### Acollida da familia no Centro

#### Recibimento.

Debemos coidar e dar a importancia debida ao primeiro contacto dos alumnos e familias que se incorporan ao centro coas persoas que os reciben. Este debe ser acolledor: a relación entre as familias e o centro será máis fluída se perciben unha actitude de axuda e colaboración. É esencial transmitirles tranquilidade e a confianza de que os seus fillos estarán tendidos debidamente e facerlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización.

Se non coñece o castelán, pódese recorrer a algún pai que fale o seu idioma ou facilitaráselles información por escrito traducida.

#### Información achegada polo Centro.

A persoa que reciba aos pais ademais de explicarlles cal é a documentación necesaria para formalizar a matrícula, aportaralles información acerca de cuestións como:

- O funcionamento do Centro: quen somos, que facemos e que obxectivos pretendemos
- Documentos e normas do Centro.
- Calendario escolar.
- Horario xeral do centro. Horario do alumno.
- Canles de participación na vida do Centro.
- Procedemento e horario de atención aos pais do profesorado e equipo directivo.
- Obriga de asistencia e procedemento de xustificación das faltas.
- Lugares de entrada e saída do alumnado.
- Instalacións do centro: Aulas, ximnasio, recreo, biblioteca, etc.
- Material escolar necesario.
- Funcionamento do servizo do comedor escolar.
- Actividades complementarias e extraescolares: saídas, visitas, etc.
- Información sobre as axudas ás que poden ter acceso.
- Servizos fora da escola aos que pode acudir: Servizos sociais do Concello, da Xunta de Galicia, etc.
- Información sobre as funcións e actividades da ANPA.

#### Documentación solicitada

Ademais dos documentos necesarios que deberán de achegar para formalizar a matrícula é conveniente que a familia aporte:

- A documentación relativa a súa historia escolar: expediente académico e datos da escolarización previa.
- Información sobre a súa procedencia.

- Situación laboral e familiar e intencións de futuro.

### Avaliación inicial e adscrición.

De conformidade co establecido no Plan de Acollida. Orientacións para a súa elaboración da Consellería de Educación:

“Como primeira medida, e segundo establece a normativa, o alumno que se incorpora a o noso sistema educativo, escolarízase no curso que lle corresponde pola súa idade, aínda que, pola información recollida, se presupón un gran desfase curricular ou non se poida determinar cales son os seus coñecementos porque non fala as nosas linguas.

Deseguido, e aínda con máis urxencia se o seu nivel curricular é baixo respecto da súa idade, o titor procederá a determinar as súas necesidades educativas, através da avaliación inicial prevista con carácter xeral para todo o alumnado que se incorpora ao centro. No caso de que o alumnado descoñeza as nosas linguas, buscarase algunha materia na que estas non sexan precisas para determinar o seu nivel de coñecementos, como poden ser a área de lingua estranxeira ou a de matemáticas.

No caso de apreciar outras necesidades educativas especiais, ademais das asociadas á condición de procedencia estranxeira, o departamento de orientación realizará a avaliación psicopedagóxica pertinente.

Cos resultados desta avaliación inicial e, se é o caso, da avaliación psicopedagóxica, establecerase cal das medidas de atención específica para o alumnado procedente do estranxeiro, so nas máis axeitadas nese caso concreto”

No referente á adopción de medidas de atención específica estarase ao disposto no PXAD.

O nivel ao que se incorporará non diferirá en máis dun ano co da súa idade cronolóxica. A adscrición será considerada con flexibilidade, xa que nalgunha ocasión, á vista da avaliación inicial do titor e, se é o caso, da avaliación psicopedagóxica, poderán propoñerse un troco de nivel ou curso. Se isto ocorre, haberá de facerse a proposta, razoada e por escrito, do profesorado que lle dá clase, e elevarase ao xefe de estudos, quen decidirá sobre a pertinencia da mesma.

Resulta esencial transmitir aos distintos profesores da aula asignada a información sobre as características dos novos alumnos e as decisións tomadas sobre a resposta educativa axeitada. O titor será o encargado desta tarefa sendo, do mesmo modo, referente máis directo do alumno recen chegado, de maneira que este saiba que pode acudir sempre a el cando teña algunha dúbida ou dificultade.

### Acollida do alumno no aula:

#### Actividades de presentación e coñecemento mutuo.

O titor, que posúe todos os datos do alumno novo, preparará ao grupo clase. O día da súa incorporación será presentado aos compañeiros e tamén ao resto do profesorado. Indicará o seu nome, o país de procedencia e outros datos de interese que considere oportunos. Pode ser interesante que estes datos se acompañen dalgún mapa.

Para facilitar o coñecemento do alumnado entre si pódese recorrer a xogos, actividades grupais ou outras estratexias que permitan unha boa acollida na aula.

Alumnos titores.

O profesor titor pode solicitar a colaboración dalgún compañeiro que axude, oriente e acompañe ao novo alumno, sobre todo nas primeiras semanas, e máis aínda se descoñece o idioma.

Debe ser unha persoa ben predisposta, acollidora e comunicativa. Pode ser fixo ou ir variando entre todos os da clase.

Estes colocaranse á súa beira en clase, no comedor, acompañaranlle ao recreo, e procurarán que se sinta aceptado. Potenciarase ao mesmo tempo a cooperación e a implicación do grupo no seu proceso de adaptación.

Segundo o Plan de Acollida. Orientacións para a súa elaboración da Consellería de Educación, as principais funcións para realizar o alumnado titor son as seguintes:

- Facilitar a integración do alumnado estranxeiro, evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.
- Presentalo a outros compañeiros e compañeiras, profesorado, persoal non docente, etc.
- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.
- Axudarlle a entender as tarefas escolares que debe realizar.
- Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependencias e espazos.
- Colaborar co titor comunicándolle as dificultades que detecte.

#### Outras liñas de actuación na aula.

Convén, entre outras cousas, destacar as habilidades persoais do novo alumno co fin de mellorar a súa propia autoestima e a consideración dos compañeiros mediante a aprendizaxe cooperativa, o traballo en pequenos grupos e recorrendo a actividades que favorezan a súa inclusión, impulsar a súa participación nas responsabilidades compartidas da clase e preparalo para as novas actividades ou para as situacións escolares que poden resultarlle estrañas.

#### Medidas de acceso ao currículo, organizativas e de funcionamento.

Unha vez finalizada a avaliación inicial e coñecendo as competencias curriculares dos alumnos, tomaranse as decisións pertinentes para que poidan recibir unha atención máis individualizada.

Dependerán tanto dos recursos do centro como das necesidades dos alumnos as decisións que tomemos sobre as medidas que se precisan nunha área concreta para conseguir os obxectivos mínimos previstos ou a adquisición de técnicas e aprendizaxes que pola súa idade puidesen corresponderlle.

As medidas de atención a este alumnado incluírán, ademais da enmarcadas na acción titorial, as establecidas de maneira xeral para a atención á diversidade e outras específicas que contempla a normativa:

- De tipo curricular: reforzo educativo, adaptacións curriculares e flexibilizacións de idade.
- De tipo organizativo: Grupos de adquisición das linguas e grupos de adaptación da competencia curricular.

No caso de precisar apoio especializado (PT/AL) ou de profesorado do colexio seguiranse os criterios de utilización establecidos no PXAD e será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagóxica realizada pola orientadora de conformidade co determinado no referido PXAD. É importante no caso destes alumnos desenvolver estas actuacións, sempre que sexa posible, dentro da aula ordinaria, para facilitarlles a integración escolar.

Nas ACS estarase ao establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, seguindo o que se recolle no PXAD.

O desenvolvemento de medidas de tipo organizativo ven regulado pola Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26 de febreiro).

Ademais das anteriormente referidas, deberanse ter en conta :

- Medidas de coordinación.

Para conseguir un traballo organizado, sistemático e con resultados positivos o xefe de estudos deberá prever os momentos e tempos de coordinación para compartir a información sobre os alumnos e a toma de decisións sobre a intervención. Para iso faise aconsellable determinar reunións periódicas co titor, o profesorado de apoio, os profesores de área e o departamento de orientación. Este seguimento facilita moito o coñecemento da marcha do alumno e as súas posibilidades reais de integración no centro.

- Actividades extraescolares.

O centro actúa como un elemento de socialización fundamental e debe favorecerla propiciando a participación en actividades enmarcadas tamén fora do horario escolar. Deste modo, débese fomentar a participación dos alumnos en xogos, competicións deportivas, actividades lúdicas etc., que con carácter voluntario o centro ou outras entidades ou institucións locais puidesen organizar.

- Colaboración con outras entidades.

O propio tecido social, as súas institucións, organizacións voluntarias, asociacións etc., ofrecen recursos moi valiosos para a socialización e inclusión do alumnado inmigrante na sociedade cuxas potencialidades se deben aproveitar.

Desde o centro escolar colaborarase con estas entidades e institucións facilitando unha coordinación de medios e fins para optimizar os recursos dispoñibles e daranse a coñecer ao colectivo emigrante os servizos que lles ofrecen.

- Desenvolvemento de competencias interculturais.

Desde a consideración de todos os alumnos como cidadáns activos dunha sociedade caracterizada pola súa pluralidade, a escola deberá contemplar a formación en competencias comunicativas interculturais. Para iso será conveniente realizar unha



propuesta educativa coordinada desde a acción tutorial que involucre a todo o profesorado e se reflicta en todas as actividades escolares. Algunhas manifestacións desta proposta poden ser:

- Utilizar na aula información e recursos actualizados que recollan diferentes perspectivas sobre cada tema tratado.
- Recorrer a contidos que reflictan e valoren a diversidade da experiencia humana e dos modos de expresala, resaltando como referentes comúns de valoración a dignidade e dereitos da persoa, así como os principios do ordenamento constitucional español.
- Poñer en marcha iniciativas que requiran relacionarse coa comunidade ou o contorno externos á escola.
- Promover un clima da clase que favoreza o intercambio significativo de experiencias ou puntos de vista e o debate aberto e construtivo.
- Propiciar a participación do alumnado na toma de determinadas decisións.

Como contidos concretos desta proposta poden formularse:

- Coñecemento das diferentes culturas presentes no centro. Corresponderá a todo o profesorado o logro dun coñecemento compartido de toda a riqueza cultural que existe na aula e no centro, valorando o que de positivo nos aporta. Convirá, non obstante, que a atención se centre máis nos aspectos comúns que compartimos que nas diferenzas en canto tales.
- Habilidades de interacción social e convivencia.

Para que os alumnos se sintan cómodos e integrados na aula desde o principio, con confianza en si mesmos, hai que facilitarlles un clima adecuado, tanto na clase como fóra dela (no recreo, en actividades organizadas polo centro, en horario extraescolar), que favoreza unha convivencia construtiva e non discriminadora entre os membros do grupo.

Mediante consenso cos outros profesores, podemos establecer a este fin as nosas propias pautas de traballo ou buscar na literatura pedagóxica programas e materiais xa elaborados e secuenciados.

Por outra parte, a propia dinámica escolar e súas interaccións dan lugar a diverxencias que poden ser oportunidades para avanzar ou retroceder na convivencia, segundo como as afrontemos (o feito de non afrontalas dará lugar a un proceso crecente de incomunicación, desconfianza, temores, malentendidos, etc).

Nesta liña de actuación, como parte esencial da convivencia na diversidade, debe estar presente na normal actividade da clase a aprendizaxe e uso de estratexias dirixidas a este fin, tales como: Análise das situacións conflitivas / escoita activa / negociación / mediación / Toma de decisións por consenso / Creación no grupo dun ambiente de confianza e cooperación

### Estratexias metodolóxicas:

#### - Prácticas pedagógicas.

Coa incorporación do alumnado inmigrante faise necesario traballar o desenvolvemento de actitudes que promovan unha convivencia baseada na consideración da diversidade cultural nun plano de igualdade fundamentado no respecto á dignidade de todas as persoas. Con este obxectivo debe promoverse no noso centro o uso de estratexias de aprendizaxe que desenvolvan nos alumnos habilidades interpersoais e de traballo en equipo como: O diálogo construtivo / A aprendizaxe no diálogo e a aprendizaxe cooperativa / A escoita activa e a negociación / A valoración da diversidade / A responsabilidade persoal xunto co compromiso e as relacións solidarias / Titorización por parte de alumnos e familias / Colaboración con entidades e persoal que traballan co alumnado inmigrante e as súas familias / ....

#### - Formación.

A formación a través da participación en cursos, experiencias sobre a educación intercultural, convivencia, etc, é un dos eixes que pode potenciar a labor educativa eficaz do profesorado e dos propios centros co alumnado inmigrante posibilitando a innovación educativa, o intercambio de experiencias educativas entrecentros, o acceso a materiais e documentos, asesoramento en temas relacionados co alumnado inmigrante e desfavorecido, etc.

### **Profesorado de nova incorporación**

---

Sabemos que a chegada dun Profesor de forma temporal ou definitiva a un novo colexio é un momento importante para el como profesor, pero tamén para os alumnos que vai a ter e para os seus compañeiros, os profesores.

Ao novo Profesor se lle presentan unha serie de expectativas, de interrogantes respecto á súa integración no Centro, á forma de traballar,... e por parte da Institución hai interese en que o novo Profesor vaia coñecendo os valores que orientan a acción educativa no noso Centro, o estilo que a caracteriza, e que o Profesor sintase considerado como membro dela.

Por todo isto somos partidarios de ter un protocolo de acollida que se pon en funcionamento cando un novo Profesor chega ao Colexio.

#### **Primeiro contacto**

Cando un profesor causa baixa, xa sexa baixa por razóns coñecidas con antelación ou xa sexa por baixa inesperada, tratamos de substituílo inmediatamente analizando os currículos que temos nun arquivo específico, e cumprindo os requisitos esixidos pola lexislación vixente, seleccionamos ao Profesor que creemos responde ás nosas necesidades. Directora Titular realiza o primeiro contacto, co Profesor seleccionado, a través do teléfono, para:

- Presentarlle a nosa oferta de traballo
- Verificar os datos que figuran no seu currículo
- Concretar unha entrevista

### **Entrevista**

A Directora Titular recibe ao novo Profesor e dálle información sobre:

- A materia/-as que impartirá
- Horas de traballo
- Tempo que se prevé dure a súa permanencia no Centro
- Os valores que orientan a nosa acción educativa e do estilo que caracteriza o noso actuar (PEC)
- Entrega do PEC e do RRI
- Presentación do Organigrama do Centro e, en liñas xerais, seu funcionamento.
- Documentación que debe entregar para formalizar seu contrato.

### **Presentación do Director Académico**

Que lle informa de:

Aspectos pedagóxicos nos que facemos fincapé no Colexio

Parte diario que debe cubrir

“Buenos Días” que realizamos todos no primeiro encontro da mañá cos alumnos.

Procedementos de Calidade que debe coñecer:

- 1.Práctica Docente
- 2.Programación Didáctica – Aula
- 3.Acción Titorial con Familias
- 4.Acción Titorial con Alumnos

Percorrido polas instalacións do Centro.

### **Contacto co Profesor, si é posible, ao que vai a substituir.**

O profesor dálle información sobre a materia e os grupos de alumnos cos que vai a ter clase.

Entrega da Programación Anual, e o material que lle pode ser útil. Manter, cando a situación o permite, encontros ou contactos telefónicos para asegurar unha continuidade na materia e no seguimento dos alumnos.

Axudará ao novo Profesor a integrarse no colexio, especialmente, as reunións das tardes dos martes ou outras reunións programadas.

### **Sequimento**

O Equipo Directivo está pendente de que o novo profesor vaia integrándose na vida del Centro e está atento a calquera necesidade ou dificultade que se presente.

Ao final do trimestre, ou transcorrido un tempo axeitado, a Directora Titular terá unha nova entrevista co Profesor para recoller as súas aportacións acerca de:

- Como se encontra cos alumnos
- Respecto á materia/-as que imparte

- Seguimento realizado dos alumnos
- A súa relación cas familias, cos seus compañeiros
- Calquera incidencia que cree importante comentar, .....

### **Avaliación do novo Profesor**

Será realizada polo Equipo Directivo atendendo aos seguintes indicadores:

- Integrouse no Centro?
- Participou e colaborou nas accións puntuais organizadas.
- Responde ao tipo de Profesor do noso Colexio a nivel: profesional –vocacional – estilo.
- Outras aportacións interesantes.

### **Os datos obtidos**

Medimos segundo os seguintes códigos: **MUCHO - BASTANTE - POCO – NADA**  
E incluímos no currículo do Profesor que temos no **ARCHIVO DE CURRICULOS**.

### **Avaliación do Plan de Acollida a novos Profesores**

Ao finalizar unha substitución xunto coa avaliación do Profesor facemos tamén a do Plan recollendo:

Os elementos marcados no Plan de Acollida para coñecer e integrar ao Profesor son válidos ?

- As fichas de :
- Acollida a Novo Profesor
  - Acollida a Profesor Substituto
  - Avaliación do Profesor Substituto

Préstanos a axuda que esperábamos?.

### **Seguimento e avaliación**

A avaliación do cumprimento dos obxectivos e do desenvolvemento das distintas actuacións realizarase a partir das valoracións do profesorado encargado de poñelas en práctica e recollerase na memoria do Departamento de Orientación.

ii. **Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo - sexual.**

Para traballar o autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo - sexual, propóñense as seguintes actividades, para levalas a cabo especialmente desde a titoría:

---

#### EDUCACIÓN INFANTIL

---

- **Carteis con autoconceptos.** O profesor coloca en distintas partes da clase carteis con calidades académicas, sociais ou físicas. “Son simpático”, “Xogo moi ben ao fútbol”, “Son listo”. Os carteis son como os dalgunhas publicidades, con pequenas pestanas co teléfono do anunciante na súa parte inferior. Os nenos corren cara ao cartel que creen que os define mellor, arrancan unha das súas pestanas e pégana nun debuxo deles mesmos que fixeron previamente.
- **A cadeira quente.** Un alumno séntase nunha cadeira e o resto vai pasando por diante dicíndolle qué lle gusta del, o que lle fai sentirse ben.
- **Xogo das estatuas.** Sirve para traballar as emocións. Mentres soa a música, os nenos bailan; cando para, cada un debe quedarse quieto, reflectindo unha emoción no seu rostro, eos seus compañeiros teñen que adiviñar de que emoción tratase.

---

#### EDUCACIÓN PRIMARIA

---

- **Reparto de estrelas.** Os nenos séntanse no chan, en círculo. O profesor di algo positivo de cada un ao tempo que lle entrega unha estrela de papel oude pegatina. Ao longo da sesión, cada neno debe dicir algo positivo dos compañeiros que ten a ambos lados mentres lles entrega unha estrela.
- **Caixa do tesouro oculto.** O docente esconde un espellonunha caixa e explica que dentro hai un tesouro único. Os alumnos abrirán a caixa de un en un, sen dicir a ninguén o que contén. Ao final, o profesor pediralles que digan en voz alta que tesouro viron, e preguntarlles por aquilo que eles creen que os fai únicos e especiais, diferentes e excepcionais.
- **As gafas positivas.** O profesor pedirá aos seus alumnos que fagan o xesto de poñerse unhas gafas imaxinarias e moi especiais, a través delas verán so o positivo que hai no mundo. Cada un debuxarase no centro dun folio, indicando seu nome. Estes folios irán pasando de mesa en mesa e os nenos, todos coas súas gafas positivas colocadas, irán escribindo calidades dos seus compañeiros. “Axúdame cos deberes” ou “Aprende moi rápido”. É importante que o docente tamén faga a súa achega, firmada. Estes mensaxes alimentarán a confianza do neno a través do recoñecemento dos compañeiros e do profesor.
- Unha variante desta dinámica consiste en que cada alumno colgase un folio nas costas co seu nome e o resto escribe cosas boas del. Para terminar, todos comparten as súas impresións e emocións unha asemblea.

- **Xogo de mímica.** Cada alumno anota cousas que se lle dan ben e outras que lle gustaría mellorar. A continuación expresa, utilizando a mímica, aquilo no que é bo, e seus compañeiros terán que adiviñalo.
- **Hoxe apréndoches Eu.** Actividade que tamén funciona en secundaria. Trátase de organizar na aula minitalleres impartidos polos propios alumnos, a os que poderá apuntarse o resto da clase. Os pequenos profesores deseñarán seus talleres en función dos seus propios intereses, mostrando, por exemplo, como facer un truco de maxia, como dar moitos toques co balón sen que caia ao chan, cuanto saben sobre Star Wars ou como programar un videoxogo.
- **O xogo da autoestima.** A finalidade é que o alumnado coñeza que é autoestima e as súas implicacións. Dialogarase sobre que é autoestima e sobre o feito de que na nosa vida diaria sucédennos constantemente cousas que afectan a como nos sentimos con nós mesmos: valoración positiva/negativa do noso traballo, enfados coa familia, críticas de amizades... Logo, unha folla de papel en branco simulará a autoestima de cada persoa. Iranse lendo unha serie de frases acerca de acontecementos que poden destruír a autoestima. Cada vez que un destes acontecementos lles afecte, deberán romper un anaco do papel, para simbolizar o que nos pasa cando a nosa autoestima se ve afectada. Despois, leranse acontecementos positivos que nos devolvan a autoestima, simbolizado pola unión dos anacos de papel que antes se romperan. Finalmente farase un debate para ver se todas as persoas lograron recuperar a autoestima, que sucesos lles afectan máis, cal foi o máis importante para recuperala, que podemos facer para mellorar a nosa e a dos demais...
- Propoñerase a todas as persoas participantes que durante os seguintes días fagan un rexistro de situacións que afectan a súa autoestima, tanto negativamente como de xeito positivo.

---

## ESO

- **Hai unha carta para ti.** Cada alumno escribe tres virtudes e tres defectos que crea ter nunha folla de papel, que gardará nun sobre. O sobre irá pasando por todos os compañeiros, que terán de sumar outras tres calidades, pero non defectos. Cada alumno lerá todo o bo que os demais pensan del. O obxectivo é que cheguen a entender que todos somos distintos e, si ben todos temos defectos, tamén temos moitas calidades que o resto aprecia.
- **Anuncios de contactos.** Á entrada da aula se coloca un folio con dúas columnas: Na primeira, cada alumno indicará que pode ofrecer aos demais (aprender matemáticas, coller as cosas dos armarios mais altos); na segunda escribirá as súas necesidades, o que lle gustaría aprender de seus compañeiros (clases de debuxo, apoio en ciencias). Descubren neles calidades e capacidades de si mesmos que descoñecían ou crían non ter, e reforzamos seu vínculo con compañeiros e profesor, favorecendo a súa inclusión dentro do grupo.
- **Véndete.** Os alumnos inventarán un anuncio para venderse a eles mesmos, o que lles suporá reflexionar sobre as súas cousas boas, para que os demais os compren. Expóñeno diante dos seus compañeiros.

- **¡Fora etiquetas!** A dinámica permite reflexionar sobre as etiquetas, boas e malas, que veñen impostas desde o exterior e que nos condicionan. Vago, torpe, desordenado, guapo, empollón. O alumno escríbeas en pegatinas brancas e as pega polo corpo. Tras unha posta en común en asemblea, decide con cales se queda e quita as que non quere.
- **Charla.** Estudar a posibilidade de ofrecer no centrounha charla sobre as enfermidades de transmisión sexual, combinada con algunhas actividades/xogos para traballar de xeito máis dinámico este tema.
- Esta actividade estaría impartida por profesionais neste ámbito dentro do programa Quérote +.
- **Relacións sans.** Propóñense unha serie de situación conflictivas en parellas adolescentes como o que se expón a continuación:
- “Lucía e Pablo coñecéronse hai uns meses e dende entón saen xuntos. O fin de semana pasado quedaran para ir ao teatro. Cando Lucía xa estaba lista para saír, Pablo chamouna por teléfono para dicirlle que estaba cos seus amigos e que, dado que fai tempo que non os ve, apetecía saír con eles a ver un partido de fútbol. Entón Lucía dille que vale, pero que se vai con eles que non a volva a chamar”.

En base a estas situacións o alumnado reflexionará a cerca das seguintes preguntas:

- Que cres que sente o rapaz nunha situación como esta? Por que cres que actuou así?
- Que crees que sente a rapaza? Por que cres que actuou así?
- Teñen dereito a actuar como o fixeron cada una das persoas?
- Que alternativas darías para solucionar este conflito?

Finalmente farase un debate a nivel xeral sobre o que é para eles a relación de parella, o que se busca cando se establece unha relación deste tipo, os dereitos e obrigas que temos coa nosa parella, a parella perfecta, e posibles situacións que viviran ou casos que coñezan de conflitos deste tipo, de malos tratos, violencia... en persoas adolescentes.

*\* Estes son algúns exemplos de actividades, podendo o equipo docente innovar e realizar outras que sempre cumpran cos obxectivos fixados para traballar o autoconceito, a autoestima e a educación afectivo – sexual.*

*\* Este traballo en relación ó autoconceito, a autoestima e a educación afectivo - sexual, complementase cas actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero recollidas a continuación.*

iii. **Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.**

Ante a prevención e tratamento da violencia sexista, racista, ou en calquera outra das súas manifestacións temos de actuar fundamentalmente desde a formación en valores de igualdade, tolerancia, respecto e solidariedade.

**Os principios de actuación** serían estes tres:

**Visibilidade:** Facer visibles as diferenzas entre rapaces e rapazas, para facilitar o recoñecemento das desigualdades e discriminacións que aquelas poden producir e producen.

**Transversalidade:** Os principios de igualdade entre homes e mulleres deben estar presentes no conxunto de accións do centro.

**Inclusión:** As medidas e actuacións educativas diríxense ao conxunto da comunidade, porque educar en igualdade entre homes e mulleres require unha intervención tanto sobre uns como sobre as outras para corrixir así os desaxustes producidos polos cambios desiguais nos papeis tradicionais, conciliar intereses e crear relacións de xénero máis igualitarias.

**Os obxectivos** serían:

- Recoñecer as diferenzas como un feito da singularidade de cada ser humano, e atenderlas é unha condición necesaria para unha actuación libre e plena de mulleres e de homes.
- Adopción de medidas para evitar as discriminacións ocultas detrás de prácticas arraigadas que ocultan as diferenzas.
- Na formación da xuventude, dun e do outro sexo, debemos valorar a autonomía persoal para afrontar as responsabilidades familiares e o coidado das persoas. Igualmente debemos revalorizar o traballo e os saberes que realizaron tradicionalmente as mulleres e que son básicos para o mantemento da sociedade. Arbitráranse as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira os coñecementos e as habilidades necesarias para responder ás responsabilidades familiares e coidados das persoas.
- Prestar atención a modelos de referencia masculinos e femininos, e intervir para evitar ofrecer modelos indesexables de división xerárquica do traballo en función do sexo.

**Os resultados** que esperamos conseguir despois de traballar estas indicacións e reflexións son:

- Conseguir cas relacións no centro sexan respectuosas, responsables, autónomas, de confianza e de coidado entre as persoas, co medio e co centro: principio básico da Coeducación.
- Conseguir cas relacións entre os procesos de ensinanza - aprendizaxe teñan como resultado uns coñecementos que sexan adecuados e significativos para



todo o alumnado e o profesorado sen os límites impostos polo sexismo e as marcas de xénero.

Dun xeito mais concretos os obxectivos de todo canto se faga neste campo son:

- Detectar e escapar dos estereotipos e dos prexuízos que nos veñen impostos pola sociedade, para non ter ningún tipo de influencia negativa á hora de razoar ou de actuar
- Valorar a coeducación como unha forma de vivir, onde todos somos iguais e temos as mesmas oportunidades.
- Aprender a respectar ao outro, seu espazo, a súa personalidade e seu corpo.
- Coñecernos a nos mesmos mellor, sabendo onde están as nosas necesidades e carencias, e valorar as nosas virtudes para mellorar a autoestima.
- Coñecer o significado da violencia de xénero.
- Recoñecer que é un abuso, unha ameaza e unha actitude moi negativa e promover unha actitude de rexeitamento respecto a estas.
- Dar a coñecer as dificultades que ten unha muller no mundo actual, e todo canto lle falta para ser vista da mesma maneira que un home.
- Normalizar a demostración de afecto respecto ao outro, para que non se vexa como unha actitude rara.
- Avaliar as tarefas da casa, e como se reparten entre os que viven nela para valorar os traballo que se fan.

Dun xeito mais concretos actividades neste campo serán:

#### **Actividades de sensibilización en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**

**Idea clave.** “Previmos a violencia sensibilizando en igualdade”

**Idea clave.** “Desmontando mitos de amor romántico”

**Idea clave.** “Hai sexismo na publicidade?”

#### **Actividades de formación e sensibilización sobre a violencia de xénero: concepto, tipos, ciclo e mitos**

**Idea clave.** “Falamos de Violencia de Xénero”

#### **Actividades de adestramento para a detección e identificación da violencia de xénero**

**Idea clave.** “Detectamos a violencia de xénero”

**Idea clave.** “Por unhas relacións sans”

*\* Cada etapa selecciona e adapta algunha desta actividades conforme ás idades dos seus alumnos.*

*\* Estes son algúns exemplos de actividades, podendo o equipo docente innovar e realizar outras que sempre cumpran cos obxectivos fixados para traballar a sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.*

As actividades poden realizarse en calquera momento do curso escolar pero consideramos que abordalas en torno ao **25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller**, pode ser unha boa oportunidade para potenciar no alumnado a sensibilización sobre a prevención da violencia de xénero.

iv. **Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.**

Para traballar este tipo de aspectos poderemos traballar, nas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria, a través de vídeo contos:

### **Educación infantil e 1º e 2º de Educación Primaria**

---

- "Orelas de Mariposa" de Luisa Aguilar.
- "Por catro esquinitas de nada" de Jérôme Ruiller.
- "O cazo de Lorenzo" de Isabelle Carrie
- "Cordas" de Pedro Solís. A amizade está por encima das diferenzas.
- "O meu lado da bufanda". Entender a natureza da amizade.
- "Paxaros" de Pixar. Como a vida pode mudar e poñernos no lugar do outro.
- "A ponte" Ting Chian Tey. As diferentes maneiras de enfrontarnos a un conflito.
- "Inés Tres-Pes" de Tessie Solinis. Inés ten tres pés... e iso ten as súas vantaxes e os seus inconvenientes.
- "Pobre Cegoña". Corto sobre unha cegoña á que lle dan os encargos máis complicados.
- "El patito feo" de Hans C. Andersen. Un conto cheo de mensaxes en clave para entender o proceso vital polo que nos encontramos a nós mesmos.
- "Lolo, un coello diferente" Guido Van Genechien.
- "As cores das Flores", ONCE. Entender a forma de percibir o mundo das persoas cegas.
- "Out of sight" ("Fora da vista").
- "Todos somos especiais" Arlene Maguire. Libro en verso que mostra a diferenza como valor.
- "O nome o di todo".
- "A fada fea". Aceptarnos tal como somos.
- "Animais de cores". Aceptar as diferenzas, ter a mente aberta e evitar prexuízos.
- "O tigre que se ría de todos". Valorar as cousas boas dos demais, e nunca burlarse das súas debilidades.
- "Un chocolate moi especial".

### **Educación Primaria**

---

- "Animais de cores". Aceptar as diferenzas, ter a mente aberta e evitar prexuízos.
- "Hugo, un amigo con Asperger" de INASHMED.
- Análise e posta en común do Anuncio de 2015 de COCA-COLA.
- "Os duendes malvados". Un conto sobre Respecto e Consideración.

- "Diverdiferencias" Proxecto Homofobia na escola. A historia dun grupo de amigos que descubren o dereito de cada cal a ser como é.
- "A discriminación no é cousa de xogo" de LADO.
- "Avós contra marcianos". Un conto sobre o respecto aos maiores
- "O deductivo señor Tábano". Un conto sobre evitar os prexuízos
- "O mellor robot". Un conto sobre integración e aceptación das diferenzas
- "O neno das mil cosquillas". un conto sobre aceptarnos tal e co mo somos.
- "O Día do Silencio". Un conto sobre integrar ás persoas con minusvalías.
- "Ladróns no xardín". Un conto sobre evitar os prexuízos.
- "Billy Elliot". Valorar e acepte a cada un tal e como é.
- "Invictus". Nelson Mandela aproveitou o Campionato Mundial de Rugby de 1995 en Sudáfrica para superar as situacións de racismo derivadas do Apartheid.
- "Quero ser como Beckham". Desafío dos estereotipos.

## ESO

---

- Diversidade cultural. Aproveitando que no propio centro hai alumnado de outras culturas, organízase unha actividade na que as persoas que queiran participar levarán a cabo un pequeno traballo de presentación da súa cultura coa axuda de persoal do centro. Consistirá nunha pequena mostra do seu país que inclúa o costume, a gastronomía, o idioma, a música tradicional, a relixión, as vestimentas... e incluso o papel da muller, das persoas maiores e adolescentes...
- Buzón. Esta actividade consiste na creación dun buzón, a través do cal, de xeito anónimo, o alumnado poderá transmitir información relevante sobre situacións que xurdan no centro, en relación coa discriminación ou outros aspectos que afecten á convivencia.
- Un mundo desigual. Esta actividade consiste na proxección dun capítulo do programa documental "Voces contra a globalización" emitido por TVE: Un mundo desigual. Neste capítulo varias personalidades dan a súa opinión sobre a problemática da globalización. Abórdanse temas como o consumo, a pobreza, as pandemias, a actitude das grandes farmacéuticas... A continuación farase un debate en torno a todos estes temas, con cuestións como: as desigualdades de vivir nun país desenvolvido ou outro en proceso, a fame, a pobreza no primeiro mundo, as enfermidades/pragas, o abuso do consumo...
- A muller na literatura. O profesorado recomendará unha selección de lecturas que teñen como fío condutor as mulleres.
- Concurso de microrrelatos ilustrados. A temática será a igualdade entre homes e mulleres en calquera das súas vertentes, cun máximo de palabras na que se inclúan as tres palabras, relacionadas co tema, que se sinalen en cada convocatoria.
- Mulleres no mundo. Esta actividade levarase a cabo partindo de cartas escritas por mulleres adolescentes de diferentes países nas que fan referencia a como é a súa vida nestes países. En base a isto, realizaranse actividades de reflexión e ampliación de información en torno a temas como: embarazos non desexados, mutilación feminina, superioridade do home, enfermidades de transmisión sexual, prohibición de estudar...

*\* Estes son algúns exemplos de actividades, podendo o equipo docente innovar e realizar outras que sempre cumpran cos obxectivos fixados para traballar a sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.*

v. **Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo**

Por parte do centro existe un claro compromiso de promover no alumnado competencias e habilidades sociais decara á resolución pacífica de conflitos e a prevención dos mesmos. A través da acción tutorial e a práctica docente ponse en práctica a capacidade de traballo cooperativo para a mellora das relacións do alumnado entre si, co profesorado e co centro en xeral. A realización de dinámicas grupais é indispensable nesta tarefa. A finalidade é capacitar ao alumnado con estratexias e habilidades básicas para xestionar os problemas que poidan xurdir da maneira máis axeitada, evitando o seu desencadeamento en problemas de convivencia máis graves.

vi. **Aula de convivencia inclusiva.**

## **INTRODUCCIÓN**

*“O profesorado do centro poderá impoñer, como medida correctora, e durante o período lectivo de clase, a realización de tarefas fóra da aula a aqueles alumnos que, coas súas condutas, impidan e alteren de forma reiterada o normal desenvolvemento das actividades lectivas e o exercicio do dereito á ensinanza e aprendizaxe. As tarefas estarán relacionadas coas actividades que estivesen realizando os alumnos/as no momento de adoptarse a medida, ou ben, dependendo dos comportamentos disruptivos, traballarase diferentes valores e intelixencia emocional”*

**Decreto 8/2015**, de 8 de xaneiro, artigo 25

A LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no artigo 19 sinala que os centros crearán aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

Por outra parte, sinalase no artigo 18 que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente. Tamén, terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais.

Así a aula de convivencia do CPR Plurilingüe Ntra. Sra. de los Dolores está para dar unha resposta máis aos conflitos entre alumnado, ofrecéndolle tempos de reflexión e espazos inclusivos para a xestión dos conflitos do centro.

É un punto de acollida do alumnado que interrompe e xera conflito na clase. Dota ao centro de espazos e tempos para axudar ao alumnado a xestionar os conflitos de xeito pacífico e reflexivo.

Con ela se establece un espazo que lle permite ao alumnado distanciarse do foco do conflito ou das circunstancias que o orixinan e dun tempo necesario para poder axudarlle a reflexionar e buscar posibles solucións.

Constitúe ademais unha resposta educativa ao alumnado que, pola reincidencia das súas condutas contrarias ás normas, se vexa privado da asistencia a clase durante determinadas horas, materias ou días.

## **OBXECTIVOS**

---

O obxectivo prioritario da Aula de Convivencia é converterse unha alternativa á expulsión do centro para aqueles alumnos sancionados con esta medida. Con isto pretendese favorecer un proceso de reflexión, por parte de cada alumno que sexa atendido na mesma, acerca das circunstancias que motivaron a súa presenza nela. O obxectivo prioritario sería, pois, que os alumnos comprendan o alcance para si mesmos e para os demais das súas condutas e, sobre todo, que aprendan a facerse cargo das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais. Este proceso aumenta as habilidades de pensamento reflexivo e de autocontrol, á vez que lles proporciona un espazo para a análise das súas propias experiencias e a busca dunha resolución efectiva dos conflitos interpersoais.

### Obxectivos da Aula de Convivencia

- Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conducta contraria ás normas de convivencia, sobre o seu comportamento en determinados conflitos e sobre como afecta todo isto ao desenvolvemento das clases.
- Posibilitar que aprendan a responsabilizarse das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais.
- Contribuír a desenrolar actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.
- Posibilitar que a alumna ou alumno sintase competente dende o punto de vista emocional e na realización de certas tarefas.
- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e autocontrol.
- Axudarlle a adquirir unha boa disposición cara as tarefas escolares.
- Resolver os conflitos de xeito pacífico dende o diálogo e a reflexión.
- Compensar as deficiencias que impiden a algúns alumnos o alumnas súa integración escolar.
- Educar para a vida, potenciando as relacións interpersoais de cada alumna o alumno, e dicir, para a súa integración satisfactoria na comunidade.
- Mellorar a vida académica e persoal da alumna ou alumno. En definitiva preténdese mellorar o clima de convivencia da aula e do centro en todos os espazos escolares: aulas, corredores, patio, etc.

## **RESPONSABILIDADES**

---

### **Profesorado da aula de convivencia inclusiva:**

Axudar a reflexionar ao alumnado que acode á aula de convivencia, impulsándoo a facer compromisos de mellora.

Redactar a ficha resumo da entrevista co alumnado con problemas de conduta.

### **Profesorado titor:**

---

Comunicar as sancións vía telefónica ou por carta ás familias.

Intervir, se o considera oportuno:

- Falando individualmente co alumno/a.
- Propoñendo unha entrevista titor-familia.
- Derivando ao departamento de orientación.
- Traballando o tema co grupo-clase.

### **Xefatura de estudos (coordinadora da aula de convivencia inclusiva):**

---

Informar sobre a aula de convivencia inclusiva.

Seguimento do alumnado que acode a aula de convivencia inclusiva.

Informar ao profesorado, ao alumnado e ás familias da expulsión á aula de convivencia inclusiva.

Compilar o material curricular preciso para a atención do alumno/a durante os períodos de expulsión.

Deseñar a proposta de traballo de modificación de conduta/reflexión xunto co departamento de orientación do alumnado durante os períodos de expulsión á aula de convivencia inclusiva.

### **Profesorado que envía o alumno á aula de convivencia inclusiva:**

---

Cubrir correctamente o parte de incidencia, atender ás reflexións e compromisos que fixo o alumno/a na aula de convivencia inclusiva.

### **Profesorado do grupo-clase:**

---

Proporcionar o material para o traballo do alumno/a durante o período de expulsión á aula de convivencia inclusiva.

### **Departamento de orientación:**

---

Elaborar e desenvolver o programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Deseñar o material de reflexión e modificación de conduta de acordo coa problemática do alumno/a.

Cumprimentar, co apoio do profesorado da aula de convivencia o rexistro individualizado de conduta.

### **CANDO UN ALUMNO É DERIVADO Á AULA DE CONVIVENCIA**

Para derivar un alumno ao Aula de Convivencia, debería considerarse, especialmente, si con esta medida se van a alcanzar os obxectivos establecidos no Plan de Convivencia.

Sendo as condicións para esa derivación:

- Ser reincidente na súa actitude e conduta contra as normas de convivencia.
- Presentar deficiencias en relación á súa autoestima, autocontrol, relacións persoais, disposición cara ás tarefas escolares ou integración escolar e/ou social.

### **ORIENTACIÓNS PARA A DERIVACIÓN DO ALUMNO Á AULA DE CONVIVENCIA**

---

- O equipo educativo, o profesor de cada unha das materias, determinará as actividades formativas que o alumno deberá realizar, de entre las previstas na programación de cada materia, e entregaraas, nos prazos estipulados a ese mesmo profesor.
- O orientador determinará as actuacións dirixidas ao proceso de **reflexión** que o alumnado deberá realizar e entregaraas nos prazos estipulados.
- O orientador, elaborará un informe indicando o motivo, os obxectivos, o número de días, o número de horas e as actividades formativas e de reflexión que realizará o alumno cando a súa permanencia na Aula de Convivencia sexa superior a un día lectivo.
- O xefe de estudos comunicará a resolución ao alumno, aos responsables da Aula e ao seu titor, cando a permanencia do alumno na Aula de Convivencia sexa superior a un día.
- Comunicación á familia: O titor, comunicará á familia en entrevista persoal, si é posible, a resolución de derivación á Aula de Convivencia, indicando o motivo, os obxectivos, o número de días e o número de horas, así como as actividades formativas e de reflexión que realizará. Durante esa entrevista, solicitarase tamén a colaboración da familia o algún tipo de compromiso pola súa parte co fin de alcanzar os obxectivos fixados. O titor, tamén será quen posteriormente comunicará á familia a evolución do alumno.
- O profesor da clase na que se produciu a incidencia rexistra esta na folla de rexistro de condutas contrarias á convivencia, entregando copia ao Xefe de estudos e ao titor do alumno.

## **FUNCIONAMENTO DA AULA DE CONVIVENCIA**

O Plan de Convivencia debe recoller o horario de funcionamento da Aula de Convivencia, así como as persoas responsables dela.

Para a súa creación deberá contar cun número suficiente de profesores que pola súa dispoñibilidade horaria encárguese da atención educativa do alumnado que asista á mesma.

Buscarase situar a Aula de Convivencia nunha aula de reducido tamaño de forma que facilite o diálogo e a reflexión.

Buscarase potenciar un carácter serio á hora de traballar e que os alumnos non perciban que van a ser “castigados, arrinconados ou sancionados” simplemente. Co tempo o alumnado percibirá que a Aula é un lugar para aprender a convivir cando se producen alteracións da convivencia.

O orientador facilitará o material didáctico necesario para traballar os diferentes obxectivos da Aula e os profesores facilitarán os materiais didácticos para as actividades formativas do alumnado.

A aula de convivencia debe contar coa seguinte documentación e materiais:

Documentación: Ficha para control de asistencia do alumnado

Materiais:

Ficha de auto-reflexión e compromisos

(compromiso de reparación de danos a persoas/compromiso de reparación de danos ao material)

Material para mellorar e coñecer os sentimentos

Materiais de auto-coñecemento

Cuestionario para o profesorado



## ANEXOS

### *Para cubrir polo profesorado de garda na Aula de Convivencia*

#### REXISTRO DE CONTROL DE ASISTENCIA DO ALUMNADO AULA DE CONVIVENCIA

Día da semana: ..... de ..... del 20....

ALUMNO:

CURSO:

PROFESOR /A DE GARDA:

1ª

2ª

3ª

R

4ª

5ª

6ª

#### INCIDENCIAS

--

#### INSTRUCCIÓN SOBRE O FUNCIONAMIENTO DA AULA DE CONVIVENCIA

Pasos a seguir:

1. O alumno é enviado á Aula co informe correspondente do profesor de aula (**Rexistro das condutas contrarias á convivencia**).
2. Recóllense os datos anteriores na folla resumen (**Rexistro de control de asistencia do alumnado**).
3. Entregase ao alumno o material preparado desde o Departamento de Orientación:

##### **Ficha de auto-reflexión**

**Materiais para coñecer e mellorar os sentimentos**

**Materiais parao auto-coñecemento**

**Cuestionario de compromisos**

4. Mentres realiza esta tarefa intentamos reflexionar co alumno mostrando a necesidade dun cambio de actitude que empece por corrixir os feitos que o trouxeron aquí.

## DECÁLOGO PARA O PROFESORADO QUE ATENDE A AULA DE CONVIVENCIA

### 1. PRESÉNTATE E ACLARA O TEU ROL COMO PROFESOR DA AC

Eu son, imos tratar de aclara o que aconteceu. Estou aquí para axudarche a que poidas resolver este conflito.

### 2. DEIXA QUE EL CHE EXPLIQUE O QUE PASOU, SEN XULGALO NIN REGAÑALO, MAIS BEN QUE DIVAGUE OU SE PROLONGUE DEMASIADO NAS EXPLICACIÓNS.

Intenta cálmalo. Adapta o teu vocabulario e usa as técnicas de escoita activa (Clarificar, Parafrasear, Resumir, Reflexar...)

### 3. COMENTA A VERSIÓN DO PROFESOR, SE HAI DISCREPANCIA PREGUNTA:

Porque cres que son tandistintas as versións? Intenta poñerte no lugar del.

### 4. CÉNTRATE NOS OBXECTIVOS A CONSEGUIRE NON TANTO NAS CAUSAS DO PROBLEMA:

Que é o que impide que se resolva?

Hai algo que estea no teu control para resolvelo?

Que cousas vas facer que agora non fas? Que deixarás de facer?

Que farás de diferente maneira cando xa o consigas?

En que notarán os demais que xa conseguiches o que te propós?

Que fas cando sucede...?

Como reaccionan os que te rodean cando...?

Dequexitocheaxudanosedemais?

### 5. AVERIGUA SE HAI ALGUNHA EXCEPCIÓN RELACIONADA CO OBXECTIVO

(veces que se ten portado ben, temporadas sen partes... )

Hai algo disto(...)que xa te estea ocorrendo noutras materias?

Cando xa o consigas(...), que será diferente?

Que ten que pasar para que ocorra mais a miúdo?

Como conseguiches que sucedera? Que é diferente nos momentos en que todo vai mellor?

Como resolviches este problema en ocasións anteriores? ¿Como conseguiches deixar de portarte mal?

### 6. PRESCRIBE, SE PROCEDE, UNHA TAREFA:

A prescrición debe ser sinxela, fácil de levar a cabo e única

Se a actitude do alumno é moi pasiva ante a reflexión, podes utilizar:

- Tarefas de observación: “gustaríame que observases esta semana que calidades tesque che poden axudar amellorar a túa relación cos demais. Observa como te afecta isto no teu estado de ánimo.”

- Tarefas optativas: “se volve a suceder opta por algunha destas tres vías: Agardar ó final da clase para protestar, comentarlle isto nun recreo mais relaxadamente, contar ata dez e logo dicirillo primeiro a un amigo.”

- Tarefas máxicas:“algunhas veces o comportamento é cuestión de sorte. Tira unha moeda ó airee a ver que pasa.”

Se a actitude do alumno é activa, reforzao positivamente, proba co consello directo e, se procede, ofrece unha tarefa de calma “ocúpate mellor de non mellorar demasiado rápido para que o que consigas sexa mais estable”.

## 7. INTENTA AXUDARLLE A REDACTAR UN COMPROMISO

É común que, chegada a fase de acadar un compromiso, o alumnado chegue a conclusións vagas, inconcretas e non doadas de observar como “estudar mais”, “portarme mellor” “atender en clase”

Intenta que o alumno/a concrete o máximo posible, utilizando frases como:

- Que quere dicir que vas a portarte mellor?
- Como vai saber o profesor/a que te portas ben ou que estás atendendo?
- Que días vas estudar? A que hora? Para que materias? Que axudas precisas para que iso suceda?

Tamén, son frecuentes as frases escusa do tipo “admito que eu estaba falando, pero tamén os demais e so me expulsaron a min”. Non é aconsellable comezar a desmentir a versión do alumno/a, xa que é unha cuestión de percepcións e daríalle a impresión de que ti non o cres. Utiliza frases como a seguinte: “Ti estás na clase e sabes ben quen falaba e quen non. Como dis, non eras o único. Cando a clase está alborotada é difícil para o profesor/a saber quen comezou o balbordo, e non é doado ser xusto con tanto caos, non si? Tamén é certo que si ti estiveras calado non estarías aquí? Entón, que podes facer ti para contribuir a que a clase estea mais acougada e as expulsións sexan mais xustas?”

Lembra que os compromisos deben...

Ser concretos e medibles

Estar definidos en termos positivos

Ser revisables e conseguibles a curto prazo

Ser negociados “á baixa” e partir dos obxectivos do propio alumno.

## 8. NEGOCIA AS CONDICIÓNS DE VOLTA Á AULA ORDINARIA:

Chamar antes de entrar

Evitaras risas, burlas ou facerse o gracioso ó entrar porque ven da AC

Pedir desculpas se ascircunstancias o aconsellan

Sentarse e traballar discretamente

## 9. DESPÍDETE AGRADECENDO A SÚA COLABORACIÓN AÍNDA QUE NON A HOUBESE

## 10. ARCHIVA A FICHA RESUMO DA AULA DE CONVIVENCIA

### 3.2. ACTUACIONES PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMIENTO DAS SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR E CIBERCACOSO

- i. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.

En primeiro lugar, convén empezar a tratar o tema do acoso escolar de forma positiva. É dicir, trataremos de favorecer os bos tratos e as relacións positivas entre todas as persoas que convivimos no centro. Para isto, cada etapa educativa deseñará actividades concretas para a idade e intereses dos seu alumnos en relación a este tema do acoso escolar. Para este deseño e posterior aplicación recoméndanse os seguintes recursos:

**Contan igual.** Taller de resolución de conflitos dirixido a alumnado de 3 a 6 anos.

**Programa “bos tratos”:** “A maxia dos bos tratos”, dirixido ao alumnado de Educación Infantil.

**Tratémonos ben.** Guía para o alumnado de Educación Primaria.

**Bos tratos.** Guía para o alumnado de Educación Primaria.

**No te enredes na rede.** Guía para coñecer ociberbullying e algúns perigos de internet e das novas tecnoloxías.

**Contos para vivir e soñar.**

**Método de Pikas.**

**El maltrato entre escolares. Guía para jóvenes.** Defensor del Menor, Comunidad de Madrid.

**El maltrato entre escolares. Guía para padres.** Defensor del Menor, Comunidad de Madrid.

**Manuales - Ararteko, Defensoría del Pueblo CAPV.:**

- *Materiales didácticos para prevenir el CyberBullying.*

- *CiberBullying. GUÍA RÁ PIDA para la prevención del acoso por medio de las nuevas tecnologías.*

- *Ventanas. Una Aventura REAL en un Mundo VIRTUAL. Disfrutar de Internet ... sin caer en la red.*

**Primer laberinto, María.** María recibe as burlas e bromas pesadas dos seus compañeiros sobre o seu físico.

**Primer laberinto, Hugo.** O intelixente Hugo convértese nunha persoa violenta.

**Primer laberinto, Alberto.** Alberto é un rapaz que recibe o rexeitamento por mor da súa inclinación sexual.

**Primer laberinto, Mikhaela.** Mikhaela é unha rapaza romaní que é rexeitada polos demais por ser estranxeira.

**¿Conoces a alguien como Adolfo?:** tratase dun conto dun neno que se burla constantemente dos demais.

**Un día más.**

**La panda del patio**

**“El sandwich de Mariana”:** é unha historia no que o maltrato a todos os niveis se manifesta.

**Famosos contra o Acoso.**

**Cancións:** Haze: *Qué bonita es la infancia.*  
Kiko y Shara: *Tras los libros.*  
Responsables: *Basta de matones.*  
Bebe: *Ella.*

**Películas:**

**Cobardes.** "Cobardes" é a historia de dous rapaces de secundaria, unha vítima e o outro, o verdugo. Guille é, en aparencia, un rapaz como moitos: boas notas, bo deportista e cunha familia que o respalda. Descubre que actuar de “chulito” en clase dálle certo respecto, polo que, sen dubidalo, escolle a unha vítima e, con calquera pasa o día acosándoo cos seus amigos. Gabriel é a vítima elixida. O único motivo: ter o pelo roxo. (FILMAFFINITY). Directores: José Corbacho e Juan Cruz. Año: 2008. País: España. Duración: 89 m.

**The Klass.** Joseph é un rapaz taciturno, introvertido, incompetente nos deportes, distinto, raro. Todo iso fai del un cabeza de turco ideal para os matóns do seu instituto. A escalada de humillacións e o ensañamento van crescendo mentres a vida de Joseph vólvese máis insoportable. Entón chega Kaspar, un amigo inesperado, un aliado. Agora xa non está só. Agora son dous e queren a revancha porque os mansos cansaron. Porque planean fría e concienzudamente a súa vinganza... Seguindo a estela de Elephant (Gus Van Sant, 2003), Klass é unha reflexión sobre a xestación da violencia adolescente, unha historia que supón unha chamada de atención sobre o acoso escolar (bullying) á vez que, con obxectividade, rastrea a crueldade na adolescencia, os seus motivos e as respostas violentas en situacións extremas. (FILMAFFINITY). Director: Ilmar Raag. Año: 2007. País: Estonia. Duración : 99 m.

**Bullying.** Jordi é un adolescente que cambia de cidade xunto co a súa nai para iniciar unha nova vida. O destino lle reserva unha cruel sorpresa, pois cando traspassa as portas do seu novo instituto, cruza sen sabelo a tenebrosa fronteira do inferno. Para escapar non terá máis remedio que, en solitario, buscar desesperadamente a saída. (FILMAFFINITY). Director: Josecho San Mateo. Año: 2009. País: España. Duración: 90 m.

**Elephant.** Recreación en clave de ficción da matanza ocorrida no instituto Columbine por parte de dous adolescentes. É un bonito día de outono. Eli, camiño de clase, convence a unha parella de rockeiros para facerlles unhas fotos. Nate termina o seu adestramento de fútbol e queda coa súa noiva Carrie para comer. John deixa as chaves do coche de seu pai na conserxería do instituto para que as recolla o seu irmán. Así, un día calquera, os estudantes deste instituto norteamericano fan a súa vida rutinaria: van a clase, crúzanse polos corredores e conversan, fan deporte, comen na cafetería, realizan as súas actividades, etc. Pero ese día non será como os demais... (FILM AFFINITY). Director: Gus Van Sant. Año: 2003. País: Estados Unidos. Duración: 81 m.

***Ben-X.*** Ben carga coa cruz de ser o raro da súa clase, o favorito para as bromas e crueldades dos matóns do instituto. A intelixencia de Ben é superior a o do resto dos seus compañeiros, pero tamén é retraído, moi tímido... ata o punto que parece rozar o autismo. A súa vida no colexio é un inferno pero, cando chega á casa, ao refuxio da súa habitación, séntase diante do ordenador e xurde o Ben amo e señor do xogo online favorito de millóns de adolescentes, incluídos os que o atormentan a diario. Mediante este xogo Ben logra manterse vivo, deixar de ser unha vítima para converterse en heroe. (FILMAFFINITY). Director: Nic Balthazar. Año: 2007. País: Bélxica. Duración: 90 m.

- ii. **Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.**
- iii. **Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan.**

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 do Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro.

Para a aplicación das medidas contra o acoso escolar, seguimos o *Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso*, publicado en Outubro do 2015.

### **PROTOCOLO ANTE ACOSO ESCOLAR**

---

Unha vez detectados indicios da existencia no centro dunha posible situación de acoso escolar, é necesario coñecer cales son as medidas que deben ser adoptadas, posto que unha intervención rápida e efectiva que implique a toda a comunidade escolar (alumnado, familia e docentes) pode evitar un agravamento da situación. O protocolo de actuación ten por obxecto que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar nos posibles casos de acoso, pois é imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (vítima, agresor ou agresores e espectadores) coma coas súas familias.

Para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación na acción, propónse adoptar diferentes fases:

- 1. fase primeira: coñecemento, identificación e comunicación da situación.
- 2. fase segunda: recollida de información e rexistro.
- 3. fase terceira: análise da información e adopción de medidas.

4. fase cuarta: seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

## **PRIMEIRA FASE.COÑECEMENTO DA SITUACIÓN: IDENTIFICACIÓN E COMUNICACIÓN.**

Esta fase aporta pautas sobre que facer cando un alumno ou unha alumna se sinte vítima de acoso escolar, ou ben a familia, ou o profesorado ou algún compañeiro ou compañeira detecta unha situación deste tipo.

### **Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar**

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal nondocente) que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna, ten a obriga de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladará a información ao director ou directora. É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación.

A continuación, rexistrárase de forma escrita a comunicación desta posible situación de acoso escolar. En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará ao director ou directora ou, na súa ausencia, a algún membro do equipo directivo.

### **Medidas urxentes de protección á presunta vítima**

Ao mesmo tempo, a persoa responsable da dirección do centro establecerá as medidas urxentes oportunas de protección á presunta vítima. Debe primar sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Entre estas medidas urxentes poderán adoptarse as seguintes:

- Vixilancia específica das persoas indicadas.
- Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
- Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causante/s da posible situación de acoso.
- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.

### **Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima**

A persoa titular da dirección do centro designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro. Procurarase, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza e proximidade, tal como recolle o artigo 30.2.c) da Lei 4/2011. No mesmo nomeamento, esta persoa será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta.

## **Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado**

Posteriormente, a persoa responsable da dirección do centro, e coa debida cautela, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado presuntamente implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias. Paralelamente realizarase esta comunicación por escrito. Nesta comunicación, as familias do alumnado implicado deben ser informadas da situación e dos feitos denunciados e, de ser o caso, das medidas iniciais que se están adoptando provisionalmente para minimizar os feitos e evitar unha nova situación. Tamén se lle comunicará a posibilidade de requirir novamente a súa colaboración para recadar información que contribúa a esclarecer os feitos.

## **Nomeamento dunha persoa responsable das averiguacións previas, se procede**

A dirección do centro, cando estime que é necesario clarificar os feitos denunciados de cara á posible incoación dun expediente, designará unha persoa responsable das averiguacións previas, e no mesmo nomeamento será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta. Entre a información facilitada nesta primeira reunión estará a relativa a:

- Os supostos feitos e a todos os trámites realizados pola dirección do centro ata o momento deste nomeamento.
- A copia dos partes de incidencia e das medidas correctoras de todo o curso que lle afecten ao alumnado implicado.
- Os datos de absentismo escolar.
- Informe dos titores deste alumnado.

Esta persoa será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a información necesaria e comunicarlle nunha reunión, da que se redactará a acta, á dirección do centro para proceder, cando así se estime, á incoación do expediente correspondente. Esta persoa poderá ser, se procede, a responsable da tramitación do dito expediente. A persoa que desempeñe esta función deberá ser nomeada entre o profesorado do propio centro e con carácter xeral deberá contar con coñecementos no uso das TIC. O seu nomeamento debe ser coñecido polo profesorado titor do alumnado implicado, de forma que se facilite a colaboración entre estes e a comunicación de calquera incidencia relevante que puidese acaecer con respecto á situación denunciada.

Consonte ao establecido no Decreto 8/2015, as averiguacións previas deberán realizarse nun prazo máximo de 2 días. A decisión sobre a incoación de expediente deberá tomarse nun máximo de 3 días (incluídas as averiguacións previas).

Cando os feitos sexan claros e non se consideren necesarias as averiguacións previas, poderá procederse directamente á incoación do expediente.

## **Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos**

Se se considera necesario e oportuno, e sempre en función da valoración inicial, a persoa responsable da dirección do centro poderá requirir a colaboración de calquera



membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...). Cantas actuacións se desenvolvan realizaranse sempre tendo presente a imprescindible confidencialidade de todo o proceso.

De apreciarse indicios de delito ou falta penal en calquera momento do proceso, notificarase ao ministerio fiscal e aos servizos de protección de menores (con traslado á administración educativa) para a súa valoración. No caso de iniciarse un proceso penal, o centro suspenderá as actuacións en tanto este non se resolva.

## **SEGUNDA FASE. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN E REXISTRO.**

---

O principal obxectivo é recadar os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar.

### **Recollida inicial de información**

A información debe recollese dun xeito discreto, por escrito e a través de diversas fontes e procedementos: observación directa e vixilancia das zonas de risco para seleccionar datos sobre as características da interacción do alumnado, agresións existentes e situacións nas que se producen..., entrevistas individuais con citas previas ao alumnado presuntamente acosado, alumnado presuntamente acosador, familia do alumno ou alumna acosado/a e familia do alumnado acosador, titor/a e profesorado de aula, compañeiros ou compañeiras e, se é preciso, persoas relacionadas co centro (coidadores, monitores de actividades extraescolares...), persoas dependentes doutras institucións...

Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á idade e madurez dos entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada, e recollerán cando menos:

- Datos identificativos do centro e alumnado afectado.
- Persoa que recolle a demanda.
- Persoa que comunica a situación.
- Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.
- Lugares onde se produce o acoso, aínda que se producise fóra das instalacións do centro.
- Feitos observados.

### **Entrevista individual á presunta vítima**

O obxectivo desta entrevista será dilucidar a posible veracidade dos feitos denunciados e, polo tanto, a pertinencia de incoación de expediente, así como proporcionarlle apoio e protección ao alumno ou á alumna, rachar co illamento social que permitiu a aparición do acoso e, ao mesmo tempo, obter a súa información ao respecto. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto. Será necesario revisar a información dispoñible e ter en conta que posiblemente lle custe falar do tema e que incluso o negue. É importante que esta primeira toma de contacto se xere nun clima de confianza, polo

que, se é necesario, deberá repetirse ata que o alumno se encontre en disposición de trasladar o alcance do problema.

Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

### **Entrevista individual á/s persoa/s posible/s responsable/s do acoso**

O obxectivo desta entrevista será recoller a información dende o punto de vista da persoa ou persoas presuntamente agresora/s, amosar a postura do centro de intolerancia perante as agresións e que tome ou tomen conciencia das consecuencias da súa posible conduta para a vítima e para eles ou elas mesmos/as, sen confundir “sermón” coa entrevista. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade, procederá, senon está acompañado da súa familia, que esta entrevista se produza en presenza dun adulto, tal e como se especifica no apartado correspondente á tramitación de expedientes do procedemento corrector.

É conveniente que as entrevistas sexan individuais. Os datos achegados pola/s persoa/s presuntamente responsable/s do acoso servirán para constatar os feitos e valorar se realmente está ou están exercendo de acosador/es ou acosadora/s. En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso corrector, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente.

### **Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras**

O obxectivo desta entrevista é a recollida de información das persoas “espectadoras/observadoras”, que son os membros da comunidade educativa que poden coñecer os feitos pero non participan activamente nestes. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade e non se atope acompañado da súa familia procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto. Trátase de contrastar a información achegada por estas persoas coa obtida das persoas que son presuntamente acosadas e acosadoras, coa finalidade de poder garantir a veracidade dos feitos. As entrevistas deben ser realizadas de forma individual. En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente.

### **Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas posible/s acosadora/s**

Trátase de dar a coñecer e recoller información sobre os feitos denunciados, se son coñecidos polos pais e, de ser o caso, que medidas tomaron ata esa data ao respecto. É preciso informar da postura firme do centro sobre a intolerancia absoluta cara ás agresións e procurar a colaboración das familias, explicándolles os seguintes pasos da intervención para atallar o problema.

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso decorrección, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso decorrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

### **Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro**

A persoa responsable da tramitación poderá solicitar asesoramento e/ou apoio técnico á persoa que ocupe a xefatura de orientación do centro cando o considere necesario e oportuno para o desenvolvemento do proceso.

### **Solicitud de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso**

Cando se considere oportuno, a persoa responsable da dirección poderá solicitar asesoramento a outros profesionais educativos como son os Equipos de Orientación Específicos e a Inspección Educativa, en calquera momento do proceso. Unha vez rematado o proceso de recollida de información, rexistraranse nun documento todos os datos relevantes para proceder á súa análise.

## **TERCEIRA FASE. ANÁLISE DA INFORMACIÓN E ADOPCIÓN DE MEDIDAS.**

### **Análise da información**

Antes de adoptar calquera medida é necesario contrastar a información recollida, na fase anterior, de varias fontes. Resulta imprescindible ordenar adecuadamente as actuacións e garantirles a información aos implicados sobre o proceso desenvolvido ata o momento e a discreción no tratamento dos datos e da información obtida. Trátase de atopar coincidencias e diverxencias entre os datos obtidos das diversas fontes de información.

Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable das averiguacións previas á dirección do centro, quen precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas provisionais que cómpre adoptar, así como a incoación do expediente, sempre de acordo coas previsións recollidas nas normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF), no regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, con respecto ás condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento.

Cando se aprecien indicios suficientes da situación de acoso escolar, débese distinguir entre as medidas que se adopten tendentes á protección da posible vítima, as medidas reeducadoras e correctoras da persoa ou persoas presuntamente agresora/s e as referidas a outros membros da comunidade educativa.

As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser constatadas e corrixidas sen a previa instrución dun expediente. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
- Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.
- Ao profesorado titor do alumnado implicado.

Cando as situacións conflictivas transcendan dos recursos e competencias do sistema educativo ou cando os órganos responsables do centro aprecien indicios de condutas penais, poderá solicitarse axuda externa e poñelo en coñecemento dos servizos competentes (Policía Nacional, Garda Civil, Fiscalía de Menores, servizos sociais...), aspecto este último que será de obrigado cumprimento nos casos de especial gravidade e aqueloutros recollidos na lexislación establecida para o efecto, tal como se indica no punto 6 deste documento, referido a aspectos xurídicos da responsabilidade do centro.

### **Adopción de medidas educativas**

Con independencia do resultado da instrución do expediente, unha vez rematado este, a persoa responsable da dirección do centro, tomando en consideración a información aportada, ditaminará as medidas de mellora educativas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do departamento de orientación e da comisión de convivencia do centro.

As medidas que teñan que impoñerse deberán ter un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

### **Medidas de protección á presunta vítima**

Con independencia das medidas adoptadas con carácter urxente para protexer a persoa presuntamente acosada, referidas na primeira fase, son múltiples as posibilidades de protección e variarán en función das necesidades peculiares do alumno ou da alumna vítima do acoso, e das posibilidades do centro.

Algunhas destas medidas poderían ser:

- Vixilancia específica das persoas presuntamente implicadas (acosada e acosadora/s).
- Solicitud de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.
- Asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que a vítima poida acudir cando o necesite.

- Reorganización do horario de profesorado para unha mellor atención do alumnado afectado.
- Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.
- Tutoría individualizada e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconcepto e da autoestima...
- Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...
- Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar a posible vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...).
- De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas posible/s acosadora/s, logo do oportuno expediente.
- Apertura de expediente á persoa ou persoas presuntamente agresora/s .
- Derivar a servizos de profesionais especializados externos as persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro.
- Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito puidese ser constitutivo de delito ou falta penal.

**Medidas reeducadoras e correctoras para a/s persoa/s agresora/s unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso.**

**Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s.** Como actuacións complementarias ás medidas correctoras concluídas logo do oportuno expediente, é preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes:

- Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
- Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
- Formación de equipos de mediadores.
- Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
- Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva, pero non son capaces de compadecerse, non amosan empatía emocional (sentir cos demais).
- Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos consolucións alternativas á agresión...

- Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
- Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.

**Medidas correctoras para a/s persoa/s agresora/s.** Unha vez confirmada a existencia de indicios suficientes da situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente segundo as instrucións e procedementos establecidos con carácter xeral.

### **Outras medidas**

#### **Co grupo-clase e co alumnado espectador/observador.**

- Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeras, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía ...
- Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
- Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
- Analizar as consecuencias dos comportamentos.
- Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións demaltrato.

#### **Coas familias.**

- Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
- Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas ou fillos.
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos e ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...
- Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos).

### Co equipo docente.

- Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.
- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro.
- Acordar e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.
- Apoiar e facilitar o labor do profesorado titor.
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiare facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.
- Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos axudantes ou mediadores).

### **CUARTA FASE. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS.**

---

Unha vez adoptadas as medidas previstas, é necesario continuar levando a cabo, a través do director ou directora do centro, ou da persoa na que delegue, un seguimento da situación, coa intencionalidade de que non se volva producir e de observar os cambios reais no comportamento individual do alumnado protagonista da situación de acoso, no

grupo onde tivo lugar (clima de aula e de centro) e o tempo no que se mantén o efecto das intervencións.

Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo.

A este efecto, débense programar encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar se a actuación foi eficaz: se xa non hai maltrato, se mellorou a situación da vítima e se a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e conduta.

### **O CIBERACOSO. CRITERIOS DE ACTUACIÓN.**

O ciberacoso ou *ciberbullying* é o uso das redes sociais, correo electrónico, blogs e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública.

O ciberacoso supón o uso e difusión de información lesiva ou difamatoria (insultos, difamacións, ameazas, intimidación, seguimento persistente, envío reiterado de correos a alguén que non desexa recibilos, exclusión, boicot, humillacións, spam, distribución de datos e imaxes persoais, roubo e suplantación da identidade...) en formato electrónico a través de medios de comunicación como o correo electrónico, a mensaxería instantánea, as redes sociais, a mensaxería de texto a través de teléfonos

ou dispositivos móbiles, a publicación de vídeos e fotografías en plataformas electrónicas de difusión de contidos, e calquera outra que poida xurdir con características similares.

Normalmente distínguense tres tipos de perigos aos que están expostas as persoas con internet: perigos persoais, acceso a contidos inapropiados e adicción. O ciberacoso inclúese no primeiro tipo.

**Tipos de ciberacoso.** O ciberacoso pode concretarse en:

1. **Fustrigamento:** cando se envían imaxes ou vídeos denigrantes sobre unha persoa, virus informáticos, mensaxes ameazantes...
2. **Exclusión:** cando se usan contornos públicos para mandar comentarios despectivos ou rumores difamatorios co fin de provocar unha resposta expansiva, cando se lle nega o acceso a foros ou plataformas sociais á vítima...
3. **Manipulación:** cando se utiliza información para difundila de xeito non apropiado entre os membros das redes sociais, cando se accede coa clave doutra persoa e se realizan accións que poden prexudicala no seu nome...

Unha vez que se verificou unha posible situación de ciberacoso, o centro educativo deberá traballar de xeito inmediato e simultáneo en tres liñas de actuación: valoración, comunicación e accións de protección.

**Protocolo de actuación.** Ante situacións de ciberacoso será de aplicación o establecido no protocolo de acoso escolar que se desenvolve neste documento, para o que se terán en consideración as seguintes particularidades:

- É imprescindible conservar as probas do ciberacoso durante todo o tempo, sexa cal fose a forma na que se manifeste. Para esta conservación poderán capturarse pantallas en modo imaxe e vídeo, imprimir páxinas, copiar ficheiros... aspecto que deberá realizarse antes de iniciar calquera actuación coa posible persoa agresora ou persoas agresoras.
- Tratar de identificar as posibles persoas autoras do ciberacoso (atopar o seu enderezo IP, acudir a especialistas en informática e ás forzas e corpos da seguridade do Estado), pero, en todo caso, sen lesionar os dereitos de ningunha persoa.
- Contactar coa compañía do medio empregado para cometer o acoso (compañía deteléfono, propietario do dominio ou sitio web etc.) coa finalidade de coñecer o procedemento que cómpre seguir para obter a información necesaria.
- Se é o caso, denunciar o acoso ás forzas e corpos de seguridade do Estado que dispoñende unidades de delitos informáticos (Policía Nacional, Garda Civil e Policía Autonómica).

Todas estas accións deberán estar enmarcadas na máis absoluta discreción e confidencialidade.

Para valorar este tipo de condutas tomaranse en consideración os seguintes aspectos:



- Características e natureza das accións analizadas e dos dispositivos tecnolóxicos utilizados na comisión dos feitos.
- Natureza e difusión das accións.
- Facilidade/dificultade para deter o ciberacoso.
- Tempo de exposición da vítima ao ciberacoso.
- Idade e características psicolóxicas da vítima e da persoa ou persoas presunta/s agresora/s.
- Repercusión e impacto na vítima.
- A información recollida deberá detallar, ademais:
  - Relación co ámbito escolar.
  - Natureza, intensidade, difusión e gravidade da situación coñecida.
  - Efectos producidos.

**Estratexias preventivas.** Ante situacións de ciberacoso serán válidas moitas das estratexias establecidas no protocolo de acoso escolar desenvolvidas no punto anterior, aínda que se indican neste apartado algunhas máis específicas e particulares do ciberacoso. Os profesionais do ensino deben estar atentos á maneira en como utilizan eles mesmos e como utiliza o alumnado os medios informáticos e ter claro como actuar en cada situación, como guiar ó alumnado e como aconsellar ás familias, de aí que se deban potenciar as boas prácticas nestes tres ámbitos de actuación:

#### **Profesorado e centro**

- Coñecer o funcionamento da web, en especial das redes sociais, para dominar o medio e poder aconsellar o alumnado e as familias.
- Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos escolares (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos en cada hora etc.).
- Establecer normas de uso dos equipos na aula (definir que pode e que non pode facer o alumnado, como debe organizar o seu material, respectar o material doutro alumnado, onde pode ou non pode acceder etc.).
- Empregar sistemas de control e filtrado (facer revisións periódicas, monitorizar os equipos do alumnado mentres traballan –co seu coñecemento–, filtrar e bloquear páxinas, contidos ou programas non desexados etc.).
- Realizar un uso didáctico e controlado das redes en sentido positivo, como actividade, incluíndo as boas prácticas, a seguridade e a prevención como contidos.
- Detección de problemas: documentarse sobre a sintomatoloxía dos problemas e estar atento a calquera indicio de ciberacoso ou malas prácticas.
- Evidentemente, en aulas que son utilizadas por varios grupos de alumnado, debe haber unha boa coordinación entre o profesorado en canto a normas e medidas.

## Alumnado

- aconsellar que controlen a súa identificación e a circulación dos seus datos persoais (alias, ingreso en grupos etc.). En concreto, algunhas recomendacións habituais son:
- Non crear contas en foros e redes sociais cos datos persoais, senón utilizando alias. Comunicar a propia identidade de forma privada só a aqueles outros membros cos que hai confianza e interesa que nos identifiquen.
- Non establecer citas ou outras actividades presenciais con persoas que non coñecesen antes persoalmente, isto é, fóra da rede.
- Non comunicar o domicilio, datos de contacto, datos bancarios etc.; tampouco datos persoais de terceiras persoas.
- Sondar periodicamente a rede mediante un buscador, para saber se os seus datos persoais ou imaxes figuran nalgunha web.
- Consellos para non acosar: aproveitar o papel dos docentes para conciencialos de que a web non é o lugar apropiado para resolver diferenzas con outras persoas, e que a emisión de mensaxes hostís remata sendo prexudicial para todos. Promover o respecto e a prudencia.
- Consellos para non ser acosado: ser prudente e respectuoso ao empregar a web para comunicarse cos demais. Moitas veces os conflitos comezan por malentendidos ou comentarios inoportunos. Non expoñerse excesivamente aos comentarios dos demais contando temas persoais. Pedir axuda inmediatamente a familiares e profesorado ante as primeiras evidencias de acoso.
- Consellos para non tolerar o acoso: mentalizarse de que o acoso é un problema de todos, e non admitir que outros teñan actitudes negativas ou exerzan presión sobre terceiras persoas. Mostrarse conciliador e denunciar sen demora calquera caso de acoso do que se teña coñecemento.

## Familias

- Adecuar as medidas de seguridade e control á vulnerabilidade dos seus fillos ou das súas fillas, dándolles máis autonomía a cambio de responsabilidade segundo se fagan máis maduros ou maduras.
- Aceptar internet como un instrumento que pode resultar beneficioso se utilizase ben.
- Tratar de non exercer de policías, senón de conseguir que os seus fillos ou as súas fillas acepten como natural certo grao de control. O mellor é que acorden conxuntamente unha serie de condicións para o uso da web (horario, tipo de contidos), tanto mediante os ordenadores coma os móbiles.
- Se fose posible, promover que o alumnado non manexe o ordenador pechado no seu cuarto, senón en presenza doutros familiares. Evitar forzalo a que nos permita ver apantalla; é moito máis efectivo ter confianza para preguntarlle con quen se comunica e conte de forma natural que é o que fai na rede. O ideal é darlle apoio, implicarse nos seus proxectos, ou mesmo facerse membro das mesmas redes sociais.
- Estar atentos a calquera síntoma de desacougo, cambios de humor repentinos etc., sobre todo se coinciden cos accesos á web.

- Sondar periodicamente a rede mediante un buscador para detectar imaxes, datos persoais ou comunicacións dos seus fillos ou das súas fillas.
- Resulta moi beneficioso manter un contacto profesorado-familia para comunicar calquera síntoma de acoso que se detecte no alumnado e tomar medidas canto antes.

### **3.3. PROTOCOLO DE ABSENTISMO**

A asistencia a clase é un dereito do alumnado e unha obriga a súa garantía por parte das nais, dos pais ou das persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, vinculado ao exercicio mesmo do dereito á educación.

1. **CONCEPTOS.** Defínese, a continuación, a terminoloxía que se usa neste protocolo.

**1.1. Absentismo.** Tal como establece o artigo 22 do citado decreto 229/2011, do 7 de decembro, absentismo é ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do dez por cento (10%) do horario lectivo mensual.

**1.2. Falta de asistencia a clase do alumnado.** Considérase falta de asistencia a clase ou ausencia ao centro escolar a non presenza dun alumno ou dunha alumna nunha sesión completa de clase. As faltas de asistencia non debidamente xustificadas serán as que computen para a cualificación do posible absentismo.

**1.3. Falta xustificable.** Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:

- Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos.
- Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepcionais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non. En todo caso, deberá garantirse o dereito á escolarización da alumna ou do alumno.

2. **PREVENCIÓN.** Dentro das medidas de prevención do absentismo, o centro desenvolve as seguintes:

- Control diario de asistencia a clase do alumnado.
- Control de incorporación tardía a clase diariamente.
- Comunicación das faltas e outras incidencias ás familias a través da aplicación moodle móbil.
- Control de faltas por parte dos titores/as e comunicación coas familias, e de ser o caso convocatoria ás mesmas para asistir ao centro.

- Realización de campañas informativas e de sensibilización sobre as causas e as consecuencias do absentismo escolar, especialmente naquelas zonas ou con aqueles colectivos de maior risco.

### 3. CONTROL DA ASISTENCIA A CLASE E REXISTRO DAS AUSENCIAS.

#### **Control da asistencia a clase.**

Tódolos días o profesorado pasará lista en clase no momento de entrar, e a continuación pasará as faltas ao correspondente parte de clase.

As faltas de primeira hora da mañá serán comunicadas á encargada da recepción do centro quen enviará comunicación ás familias a través da aplicación moodle móbil.

#### **Xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado.**

A xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado realizarase ante o profesorado titor e por parte da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, acompañando, segundo proceda:

- Xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- Documento acreditativo, no caso de deberes inescusables, presentación a exames ou morte de familiares de primeiro ou segundo graos.
- Calquera outro documento acreditativo da circunstancia que xustifique a ausencia.

#### **Rexistro das faltas de asistencia a clase xustificadas**

O profesorado titor rexistrará a xustificación das faltas de asistencia a clase do seu alumnado.

#### **Seguimento das faltas de asistencia a clase do alumnado e a súa comunicación**

- O profesorado titor deberá comunicar ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado todas as faltas de asistencia a clase de cada mes, dentro dos primeiros cinco días naturais do mes seguinte e diferenciando as faltas xustificadas das non xustificadas.
- Cando as faltas de asistencia a clase do alumnado presenten dificultades para a súa xustificación ou cando se incremente de forma significativa o número de faltas sen xustificar, o profesorado titor convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha reunión coa finalidade de analizar a situación que se está a producir e tratar de corrixila, evitando que se produza a apertura do expediente de absentismo. Cando se trate de alumnado de educación secundaria obrigatoria, a propia alumna ou o propio alumno poderá asistir á referida reunión. Desda reunión levantará acta o profesorado titor.

### 4. EXPEDIENTE DE ABSENTISMO

Por expediente de absentismo enténdese o conxunto de documentos nos que se recollen as actuacións derivadas da aplicación do protocolo de absentismo.

O expediente de absentismo custodiarase na secretaría do centro educativo, formando parte do expediente da alumna ou do alumno. A ese expediente iranse incorporando,

de ser o caso, todos aqueles documentos que teñan algunha relación coa súa tramitación ou resolución.

#### **4.1 Procedemento**

##### **4.1.1. Inicio do expediente**

Cando o profesorado titor verifique que unha alumna ou un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10 %) do horario lectivo dun determinado mes proporá, co visto e prace da dirección do centro educativo, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a situación á xefatura de estudos. O inicio dese expediente deberá realizarse, como máximo, dentro dos sete días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual

##### **4.1.2. Tramitación do expediente**

a) Activado o protocolo de absentismo, a xefatura de estudos recollerá información de todos os profesionais que realizan algunha actuación e incorporará ao rexistro de contactos indicando:

- Data da intervención
- Motivo da intervención
- Forma de contacto
- Persoa do centro que realizou a intervención
- Conclusións da intervención ou resposta da familia

b) Detectada unha situación de absentismo, o profesorado titor convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar e resolver esa situación, de ser o caso. Deses reunións levantará acta o profesorado titor.

c) Se coa intervención do profesorado titor se reconduce a situación, paralizarase o proceso e archivarase o expediente.

d) O profesorado titor informará a xefatura de estudos dos resultados da reunión anterior. No caso de que non se producise o arquivo do expediente, a xefatura de estudos convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar a situación creada e tratar de buscar unha solución e levantará acta deses reunións. De reconducirse a situación, paralizarase o proceso e archivarase o expediente.

e) A xefatura de estudos cubrirá o rexistro de cumprimento das distintas actuacións establecidas no expediente de absentismo, indicando, cando menos:

- A data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento (10%) do horario lectivo mensual.
- A data de apertura do expediente de absentismo dentro dos sete días naturais seguintes á superación da porcentaxe indicada no apartado anterior.
- No caso de non cumprir con algunha das actuacións previstas, a xefatura de estudos informará sobre as causas dese incumprimento mediante dilixencia no propio rexistro.

f) De non producirse o arquivo do expediente nalgunha das actuacións anteriores, a dirección do centro educativo notificará ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente e ao Concello de residencia da alumna ou do alumno xunto coa listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas e o rexistro de cumprimento das

actuacións e dos prazos nas que se desenvolveron. Esta notificación producirase no prazo dos trinta días naturais desde o inicio do expediente de absentismo.

#### **4.1.3. Documentos que conforman o expediente**

O expediente de absentismo conformarano, como mínimo, os seguintes documentos:

- Rexistro de contactos do centro educativo coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, que elabora a xefatura de estudos.
- Acta da entrevista do profesorado titor coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, e co propio alumnado, de ser o caso.
- Acta da entrevista da xefatura de estudos coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, e co propio alumnado, de ser o caso.
- Listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas.
- Rexistro de cumprimento das distintas actuacións. De ser o caso, informe da xefatura de estudos sobre os motivos do incumprimento dalgunha actuación.
- Notificación do expediente de absentismo

#### **NOTIFICACIÓN DOS INDICIOS DE DESPROTECCIÓN.**

Con independencia da realización das accións previstas neste protocolo, en calquera momento no que o profesorado do centro educativo aprecie indicios de desprotección nun alumno ou nunha alumna deberá poñelo, inmediatamente, en coñecemento do Concello de residencia do alumno ou alumna, ou ben notificalo a través do Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI) <https://rumi.benestar.xunta.es>.

### **3.4. ACTUACIÓNS FORMATIVAS, PARA O PROFESORADO E A COMUNIDADE EDUCATIVA.**

#### **i. Formación do profesorado**

A complexidade dalgúns casos, a necesidade de integrar ó alumnado nos equipos de mediación, a aparición de novas condutas negativas ("bullying", inadecuado uso de Internet e do teléfono móbil...) fan necesaria unha formación permanente a través de cursos, talleres ou grupos de traballo que sexan útiles e realistas, e nos que se implique a maior parte do profesorado, dirixidos fundamentalmente ao fomento da convivencia, á identificación de situacións de acoso e á detección precoz de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.

Neste senso fundamentalmente as actuacións formativas son as ofertadas pola Consellería de Educación, en materia de convivencia e tratamento de certas condutas a través do CFR, e a maiores o profesorado asiste a charlas de diversas entidades, fundacións... especializadas en trastornos de conduta, prevención de acoso e ciberacoso etc., e a aquelas que poida organizar o centro.

#### **ii. Escola de nais e pais.**

Partindo dunha situación de non dispor o ANPA do centro dunha escola de nais e pais, co obxectivo de axudar a previr e resolver conflitos, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo, contéplase solicitar a

colaboración da ANPA do centro na programación de charlas informativas cos seguintes obxectivos:

- a) Proporcionar aos pais e nais as estratexias e orientacións necesarias para entender, apoiar e dar resposta ós cambios propios do proceso de desenvolvemento integral (social, académico, afectivo...) dos seus fillos/as.
- b) Fomentar un clima no que se poidan compartir experiencias, problemas e solucións baixo a supervisión dun profesional.
- c) Aumentar as opcións dos pais/nais de dar resposta as necesidades dos seus fillos/as
- d) Incidir sobre aprendizaxe do alumnado a través da acción dos seus pais/nais.
- e) Estimular a participación activa dos pais e nais na vida escolar.
- f) Ensinar aos pais e nais estratexias de comunicación.
- g) Estimular a construción positiva das relacións familiares.
- h) Mellorar as relacións pais/nais - fillos/as de xeito transversal a través da intervención.
- i) Orientar aos pais e nais na toma de decisións.

### **3.5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO**

Neste apartado terá vixencia a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, así como o Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a lei anteriormente citada.

Presentarase como anexo a este documento o Capítulo II da Lei 4/ 2011, polo que se desenvolve na súa sección 1ª, ás condutas contrarias a convivencia; a sección 2ª pola que se establecen as medidas correctoras e a sección 3ª que establece o procedemento para a imposición das medidas correctoras das condutas graves e leves contrarias á convivencia do centro.

Así mesmo, no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, establécese no seu TÍTULO III, as condutas contrarias á convivencia escolar e medidas de corrección.

#### CAPÍTULO I Principios xerais

---

##### Artigo 32. Principios xerais

1. Os centros docentes porán especial énfase na prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no seu plan de convivencia e no seu protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.
2. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:
  - a) Ter carácter educativo e recuperador.
  - b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
  - c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
  - d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

3. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.
4. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.
5. Garantiráselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.
6. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.
7. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.
8. Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
9. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo en que estean escolarizado.

Ademais de todas as condutas contrarias á convivencia do centro escolar, engadimos no NOF como amoestacións, as seguintes:

1. Falar e interromper constantemente, facendo caso omiso das advertencias do profesorado.
2. Tirar obxectos ou arrastrar as cadeiras reiterada e premeditadamente
3. A actitude pasiva ante as actividades académicas.
4. As faltas de puntualidade e as de asistencia á primeira hora.
5. Non traer o material necesario para as clases.
6. Uso inadecuado dos lugares de entrada e saída correspondentes a cada etapa, ciclo ou curso tanto ao comezo da xornada escolar como no cambio de clases.
7. Non portar a máscara de protección en todas as instalacións do centro e durante toda a xornada escolar.

Ó disposto no Artigo 19. Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras, engadimos no presente documento:

Asistencia á aula de convivencia por un período entre un e tres días, combinando traballos curriculares e de modificación de conduta, intelixencia emocional ou habilidades sociais.

En canto o disposto no Artigo 23. Gradación das medidas correctoras, engádese:

1. Poderanse considerar circunstancias atenuantes:



A situación sociofamiliar do alumno/a, cando se entenda que a expulsión non suporá beneficio educativo.

A petición de excusas nos casos de inxurias, ofensas e alteracións do desenvolvemento das actividades do centro.

2. Poderanse considerar circunstancias que aumentan a gravidade

Os danos, inxurias ou ofensas a compañeiros ou compañeiras de menor idade ou de nova incorporación, ou que presenten condicións persoais que leven desigualdade ou inferioridade manifesta, ou que estean asociadas a comportamentos discriminatorios, fose cal for a causa.

As condutas atentatorias contra os dereitos dos profesionais do centro, a súa integridade física ou moral e a súa dignidade.

A premeditación e a reincidencia.

As realizadas colectivamente.

As condutas contrarias ás normas que sucedan durante ás saídas extraescolares ou complementarias.

### ***Normas de convivencia que atinxen a todos os membros da Comunidade Educativa***

Respecto aos membros da comunidade educativa manifestarase amosando en todo momento unha conduta tolerante, colaboradora e correcta cos demais membros; sobre todo na linguaxe, actitudes e xestos.

Todos os membros da comunidade educativa deben axudar e colaborar, na medida das súas posibilidades, na resolución pacífica dos conflitos que poidan xurdir na convivencia diaria no Centro, así como na súa prevención.

Persoal docente, alumnado, persoal non docente e pais de alumnos respectarán as funcións que cada un desempeña xa que todas elas contribúen ao bo funcionamento do Centro.

Todos os membros da comunidade educativa teñen a obriga de axudar a manter a limpeza nas clases, corredores, biblioteca, servizos e, en xeral, en todo o Centro.

A hixiene persoal é unha esixencia para todos os membros da comunidade educativa, xa que contribúe ao benestar xeral e a unha boa convivencia.

Por razóns de saúde colectiva, seguridade e cumprimento da lei prohíbese fumar en todo o recinto escolar.

Puntualidade na asistencia ás clases e no desenvolvemento das distintas actividades profesionais é unha esixencia para todos os membros da comunidade educativa, xa que dela depende o bo funcionamento do centro e o aproveitamento das horas lectivas.

Non está permitida a distribución no Centro de material impreso, elaborado ou non por alumnos, de maneira individual ou en grupo, sen previa autorización do Director, agás aquel relacionado coa información sindical ou estudantil que se colocará nos sitios habilitados para tal efecto.

### ***Normas de convivencia que atinxen ao profesorado***

Os profesores teñen a obriga de facilitar información periódica ao longo do curso sobre o proceso de aprendizaxe seguido nas distintas materias e sobre os resultados obtidos nas distintas avaliacións polos alumnos.

Os profesores só recibirán aos pais nos días e horas de consulta marcados a tal efecto nos horarios; nunca nos intervalos ou durante as horas de clase. En todo caso, se a consulta se realiza nun día distinto ao prefixado, é conveniente sempre unha cita previa.

Os profesores terán en conta na medida do posible as suxestións achegadas polos alumnos ou polos seus representantes, tendo sempre coma criterio principal que estas melloren o desenvolvemento das clases ou a convivencia no Centro.

O profesorado de garda e substitución velará pola orde e bo funcionamento do Centro; substituirá, se é preciso, ao profesor ausente e resolverá as incidencias de alumnos que se produzan na xornada lectiva, ben informando a calquera membro do equipo directivo, ben en ausencia deste, adoptando as medidas que estime máis oportunas.

O profesorado que non estea de vixilancia deberá esperar ao alumnado nas aulas ou, polo menos, a súa entrada será simultánea coa do alumnado.

É deber do profesorado avaliar con plena obxectividade os exames, traballos, etc, realizados polos alumnos durante o curso.

### ***Normas de convivencia que atinxen aos pais***

---

Os/as pais/nais e titores/as do alumnado non pasarán ás dependenzas do Centro onde se imparten as clases sen o permiso da Dirección. Para entrar, chamarán á secretaría polo interfono da cancela de entrada ao patio e dirixiranse sempre ás oficinas para seren atendidos.

Se un pai/nai debe sacar ao seu fillo do Centro, deberá cumprimentar o impreso disposto a tal efecto na Secretaría e entregalo a un membro do equipo directivo ou ao titor do alumno.

Os pais deberán respectar as horas e días de consulta dos profesores marcadas a tal efecto nos horarios.

Os pais deberán facilitar a asistencia ás clases dos seus fillos e colaborar co profesorado, na medida das súas posibilidades, na educación destes ou cando sexa necesario corrixir condutas perxudiciais para a convivencia no Centro.

### ***Normas de convivencia que atinxen aos alumnos***

---

En liñas xerais queda prohibido o uso por parte do alumnado en calquera dependencia do centro o seguinte:

- 1) Non se poderán utilizar punteiros láser, obxectos cortantes ou calquera outro obxecto que se poida considerar perigoso para a integridade física dos demais. Cando se autorice o uso de algunha ferramenta relacionada con tarefas académicas só se poderá usar para o fin indicado.
- 2) Está prohibido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos agás autorización expresa para algunha actividade académica ou saída extraescolar (Con todo, só se empregará para o fin indicado e non se poderá facer un uso inadecuado da imaxe dos demais).

3) Non se poderá manipular material público ou privado sen autorización expresa e o uso non apropiado do material levará consigo a asunción do custo económico de calquera dano que se ocasione tanto que fose por uso mal intencionado como por negligencia (sen prexuízo das sancións disciplinarias que poida ocasionar)

4) Utilizaranse as entradas e saídas habilitadas para cada curso, ciclo ou etapa segundo a organización dos espazos do centro. Non se poderán incumprir estes aspectos agás autorización expresa puntual ou temporal ou modificación xeral da norma.

### ***Normas de convivencia relacionadas coas aulas ordinarias***

---

O alumnado disporá dunha aula limpa e ordenada, é tarefa do grupo que a ocupa mantela nese estado.

Para facilitar o traballo do persoal de limpeza, ao termo da xornada escolar o alumnado deixará todas as mesas e cadeiras colocadas en orde. O profesor que imparte a última sesión na aula é o responsable do cumprimento desta norma.

Será responsabilidade do alumnado e da súa familia a reposición ou pago do equipo mobiliario da aula que poida resultar deteriorado por un trato inadecuado do mesmo (mesas raiadas, paredes escritas, etc..).

O titor/a ou e o profesorado de cada materia é o encargado de establecer o lugar que deba ocupar cada alumno ou alumna.

O alumnado permanecerá dentro da aula entre unha clase e a seguinte se non debe acudir a unha aula específica ou de desdobre, esperando ao profesor dispoñendo o necesario para comezar a clase seguinte.

Se non chegase o profesor da materia ou o de garda transcorridos 5 minutos desde o inicio, o delegado ou subdelegado do grupo comunicarallo ao Xefe de Estudos.

Os traslados do grupo unha vez iniciada a clase faranse sempre acompañado polo profesorado correspondente e en silencio.

O alumnado ten a obriga de traer todo o material necesario para as clases. Cada alumno é responsable das súas pertenzas. Non se debe traer cartos ou obxectos de valor, xa que o Centro non asume a responsabilidade sobre os mesmo.

Non se pode pegar nas mesas ningún tipo de material persoal.

En canto ós equipos informáticos das aulas:

Os equipos deben ser sempre prendidos e apagados polo profesor.

O profesor será o responsable do uso adecuado do equipo comprobando o seu correcto apagado unha vez finalice a sesión.

Se o profesor permite o uso do equipo ó alumnado nalgún momento debe ser sempre baixo a súa supervisión.

### ***Normas de convivencia relacionadas cos corredores***

---

Do mesmo xeito que as aulas, os corredores, escaleiras e demais dependencias do centro, considéranse espazos de respectuosa e ordenada convivencia.

A circulación polos corredores e as escaleiras farase de modo tranquilo, evitando as carreiras, os berros, os asubíos, etc.

As entradas e saídas realizaranse polas portas correspondentes a cada grupo, etapa ou ciclo

O alumnado absterase de practicar xogos, individuais ou colectivos, que dificulten ou impidan a normal circulación polos corredores.

En ningún caso poderase permanecer nos corredores durante o horario lectivo, nin nos cambios de clase.

Entrarase e sairase de forma calmada e ordenada, sen correr nin dar empurróns, usando os espazos habilitados para cada curso, ciclo ou etapa.

### ***Normas de convivencia relacionadas co uso de servizos***

---

Os servizos serán utilizados con corrección e deberase coidar especialmente a súa limpeza.

Os alumnos que soliciten ir aos servizos, farano, sempre que lles sexa posible, nos cambios de clase, solicitando permiso ao profesor da clase que comeza, preferentemente ao principio, agás urxencia.

A limpeza das pintadas en portas e paredes correrá a cargo de quen as realicen.

Ocultarse no servizo ou outras dependencias, durante as horas de clase ou o recreo é considerado falta grave.

### ***Normas de convivencia relacionadas co mal uso do material***

---

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fora posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

### ***Normas de convivencia relacionadas co ximnasio***

---

As normas de convivencia no centro fanse extensivas ó ximnasio. O alumnado fará un bo uso do material e das instalacións e utilizaranse de maneira axeitada a fin de evitar riscos físicos innecesarios.

Nas clases de educación física, requírase roupa e calzado deportivo marcados como uniforme do centro.

Recomendase a correcta hixiene corporal despois das clases de educación física. Esta forma parte dos obxectivos e contidos da materia.

Queda prohibido calquera clase de xogo en aseos, duchas e servizos.

Non está permitido tomar ningún tipo de alimento dentro do Ximnasio.

Queda prohibido o uso de desodorantes e colonias de spray.

### ***Normas de convivencia relacionadas co laboratorio***

---

Procurarase non andar dun lado para outro sen motivo e, sobre todo, non se correrá dentro do laboratorio.

Manexarase o instrumental de vidro con moito coidado; se algún material deste tipo rompe, avisarase ó profesor.

Manterase a area de traballo limpa e ordenada.  
Disporase sobre a mesa só os libros e cadernos que sexan necesarios.  
Procurase que as mans e a roupa non queden impregnadas con residuos das substancias que se manexen.  
Empregaranse guantes e gafas de seguridade sempre que sexa necesario.

### ***Normas de convivencia relacionadas co uso da Biblioteca***

---

A Biblioteca cumprirá unha dobre función: informativa, como complemento das actividades docentes, e recreativa, facilitando a ocupación do tempo libre.

A Biblioteca estará atendida por un profesor encargado, nomeado polo Director, que se ocupará de organizar e rexistrar os fondos bibliográficos, preparar e actualizar os ficheiros, elaborar ao final de cada ano unha memoria-informe así como propostas de mellora. O profesor encargado deberá ser axudado por outros profesores colaboradores.

Os profesores de garda na Biblioteca deberán atender as peticións dos usuarios e controlar os préstamos.

A Biblioteca estará aberta pola mañá, na medida das posibilidades e dispoñibilidade do centro.

Poderán utilizar a Biblioteca o alumnado, o profesorado e o persoal do Centro.

Por ser a Biblioteca un lugar de consulta e estudo deberá observarse o silencio como norma xeral.

Os libros prestados deberán ser devoltos no prazo marcado polo profesor encargado e en idénticas condicións a como foron prestados.

No caso de reiteración, por parte dun alumno, no mal uso dos libros e materiais da Biblioteca poderase denegar o uso dos servizos da mesma polo tempo que determine o profesor encargado.

### ***Normas de convivencia relacionadas co uso da aula de Música***

---

Os instrumentos que se atopan na aula de música só poderán ser utilizados con permiso do profesor.

Os alumnos tras rematar as prácticas cos instrumentos deberán colocalos no seu sitio.

Utilizaranse de forma correcta todo o material da aula.

Non se pode manipular o equipo de música, o ordenador nin a pizarra dixital sen a presenza do profesor.

Ao rematar cada sesión, se o mobiliario foi cambiado de sitio porque fose necesario para impartir a clase, volverase a poñer no seu lugar correspondente.

### ***Normas de convivencia relacionadas co uso dos medios audiovisuais, informáticos e multimedia.***

#### ***Teléfonos móbiles e aparellos electrónicos***

---

O material de reprografía do Centro está baixo o control do persoal administrativo.

Para o uso da Sala de informática, existirá un horario que deberá ser respectado co fin de non crear interferencias entre os usuarios das mesmas.

As aulas estarán dotadas do seguinte equipo: un ordenador, un proxector de vídeo e un encerado dixital interactivo.

### **Regulación do uso dos móbiles no centro.**

---

O uso do móbil na nosa sociedade, e por tanto nos centros educativos, estase estendendo cada vez máis, achegando novas formas de comunicación, obtención de información...; porén, o seu uso indebido tamén está xerando outros problemas e implica riscos, tales como o uso indebido ou non consentido da información ou imaxes, o ciberacoso, a adicción ó móbil...etc., algún dos cales se producen tamén nos centros de ensino, afectando negativamente ao desenvolvemento das actividades educativas e ás relacións entre os membros da comunidade educativa. O noso centro non é unha excepción, polo que cómpre establecer unhas normas que garanten o seu correcto uso :

- Non está permitido o uso de móbiles e demais dispositivos electrónicos durante os períodos lectivos (art. 19.4 do Decreto 8/2015). Deberán permanecer apagados e gardados en todo momento. Poderase utilizar o móbil durante a clase só co permiso do profesor/a.

- Non está permitido o uso do móbil e demais dispositivos electrónicos nos cambios de clase.

- De non cumprir estas normas, o profesorado poderá retirarlle o móbil e poñer un parte de incidencias ao alumno/a que o estea utilizando. O aparello será entregado a un cargo directivo, que o gardará ata o final dese día.

- O centro non se fai responsable das perdas ou subtraccións que dos mesmos puideran producirse, sendo o seu propietario/a o único responsable.

- No caso de reincidencia neste tipo de faltas aplicaráselle ao alumno/a as correccións correspondentes ás condutas contrarias ás normas de convivencia do centro.

- Conforme coa lexislación vixente, non está permitido gravar, manipular ou difundir por calquera medio, imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal ou familiar e a propia imaxe dos membros da comunidade educativa.

- No caso de que algún membro da comunidade educativa fora obxecto de fotografías ou gravacións non consentidas, o centro poderá poñer os feitos a disposición das autoridades pertinentes ademais da aplicación das correccións correspondentes ás condutas contrarias ás normas de convivencia do centro.

- Durante as actividades complementarias ou extraescolares realizadas fóra do centro, poderán utilizarse os móbiles e demais dispositivos electrónicos, unicamente se o autoriza o profesorado responsable da actividade.

- Se un alumno/a necesítase facer unha chamada urxente, comunicarllo ao profesor quen, tras valorar a situación autorizará o alumno/a a acudir á Recepción para realizar a chamada.

O centro non se fai responsable da subtracción de pertenzas electrónicas, xa que desaconsella que se traian ó centro escolar.

De acordo coa lexislación vixente non está permitido fotografar nin filmar ás persoas sen o seu consentimento ou o dos seus pais se son menores.

No caso de que algún membro da comunidade educativa fose obxecto de fotografías ou gravacións non consentidas, o Centro porá os feitos e probas, se dispuxese delas, a disposición das autoridades pertinentes.

Non está permitido o uso das redes sociais na aula de informática, e todas aquelas páxinas con contidos ós que se refire o punto seguinte punto.

Queda totalmente prohibido o acceso no centro ás redes sociais e a páxinas de internet cuxos contidos:

Atenten contra os dereitos humanos e os valores universais (contidos racistas, xenófobos, sexistas, fagan apoloxía do crime, do terrorismo ou de ideas extremistas...).

Danen a identidade e a autoestima das persoas, especialmente en relación coa súa condición física ou psíquica.

Que fomenten a ludopatía ou consumos abusivos.

### ***Normas de convivencia relacionadas no comedor***

---

Tal e como se recolle no punto 1, artigo 36, do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa: “deben corrírse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.”

Segundo o punto 1, artigo 33 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa: “As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes: a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. b) Condutas leves contrarias á convivencia.”

En canto a gradación das medidas correctoras e reparación dos danos causados, este regulamento rexeráse polos artigos 34 e 35 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Normas específicas do uso do comedor escolar:

Todo o alumnado deben respectar as normas de funcionamento e de convivencia do comedor.

O alumnado accederá ás instalacións cando a encargada o indique.

A entrada ao comedor dos alumnos con orde e tranquilidade, sen correr, nin berrar, nin empurrar aos compañeiros.

O alumnado sentarase no lugar que lles sexa asignado e permanecerán nel sen poder levantarse salvo co permiso dalgún responsable. Estes lugares poderán cambiarse a criterio da encargada.

O alumnado dirixirase a todo o persoal de comedor, e viceversa, co debido respecto e sen levantar a voz.

O alumnado está obrigado a respectar a todo o persoal de comedor nos mesmos termos que ao profesorado do centro, seguindo as súas indicacións.

Co fin de lograr un ambiente tranquilo e relaxado o alumnado e persoal, dirixirase aos demais nun ton de voz axeitado.

Durante a comida o alumnado empregará os utensilios e comerán dun xeito correcto, sen xogar entre eles nin facelo coa comida.

O alumnado non sairá do comedor ata que a encargada llo indiquen.

### ***Normas de convivencia relacionadas co consumo de sustancias prohibidas***

---

Prohíbese a venda, distribución e consumo de bebidas alcohólicas nos centros educativos. Igualmente está prohibido distribuír entre o alumnado carteis, invitacións ou calquera tipo de publicidade na que se mencionen bebidas alcohólicas, as súas marcas, empresas produtoras ou establecementos nos que se realice o seu consumo. Non cumprir esta norma será considerado falta grave.

Non está permitido fumar en ningunha dependencia do centro. Non cumprir esta norma será considerado falta grave.

A posesión, consumo, distribución ou venda de drogas considéranse faltas graves e darán lugar a actuacións xudiciais se proceden. Non cumprir esta norma será considerado falta grave.

### ***Normas de convivencia relacionadas co recreo***

---

Para previr un uso incorrecto das instalacións e a subtracción de pertenzas, o alumnado abandonará necesariamente as aulas durante o recreo e non poderá regresar a elas ata que finalice o mesmo, se non o acompaña un profesor de garda.

Terase especial coidado de non tirar desperdicios ao chan, senón nas papeleiras.

O alumnado será puntual no momento de regresar á aula tras o período de recreo.

Os días de chuvia os alumnos permanecerán nos corredores do centro.

### ***Normas de convivencia relacionadas coa asistencia e a puntualidade***

---

A asistencia a clase é obrigatoria en todos os cursos e grupos.

Se o alumnado prevé que faltará a clase, informará ao profesorado dese día ou ó seu titor ou titora.

A falta de asistencia a clase xustifícase nun prazo máximo de dous días dende a incorporación a clase.

O alumnado acudirá con puntualidade e con todos os materiais necesarios para o traballo de cada materia.

Os/as menores de idade só poderán saír do Centro acompañados do seu pai/nai/titor legal ou ben dunha persoa adulta cando os/as pais/nais ou titores/as así o consintan por escrito.

Saír do centro sen permiso considérase falta grave.



### **Normas de convivencia relacionadas cas actividades fóra do centro**

---

Por tratarse de actividades de Centro, ao alumnado participante seralle de aplicación durante o desenvolvemento da mesma canto se recolle nas normas de convivencia.

Considerarase agravante o feito de desenvolverse a actividade fora do Centro, por canto pode supor de comportamento insolidario co resto dos seus compañeiros, falta de colaboración e incidencia negativa para a imaxe do colexio.

Se a gravidade das condutas así o requirise, os/as adultos/as acompañantes poderán comunicar tal circunstancia á Xefatura de estudos, que poderá decidir o inmediato regreso dos implicados de tales condutas. Neste caso, comunicarase tal decisión ao pai, nai ou titor/a legal do alumnado afectado. Todos os gastos orixinados por esta circunstancia correrían a cargo da familia.

O alumnado non poderán ausentarse do grupo sen a previa comunicación e autorización dos adultos acompañantes.

Se a actividade leva pasar a noite fóra da localidade habitual, o comportamento do alumnado no hotel deberá ser correcto, respectando as normas básicas de convivencia e evitando situacións que poidan xerar tensións ou producir danos persoais ou materiais.

É responsabilidade dos danos causados o alumno e a súa familia. De non ser identificado, a responsabilidade recaerá no grupo de alumnos directamente implicados ou, na súa falta, en todo o grupo de alumnos participantes na actividade.

### **3.6. ESTABLECEMENTO DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDEN AO SEU CUMPRIMENTO**

#### ***Principios xerais***

1. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:
  - a. Ter carácter educativo e recuperador.
  - b. Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
  - c. Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
  - d. Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.
2. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.
3. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.
4. Garantiráselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá

primar sempre o interese da vítima sobrecalquera outra consideración no tratamento destas situacións.

5. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.
6. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.
7. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.
8. Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado. .
9. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo en que estea escolarizado.

### **CLASES DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

---

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- b) Condutas leves contrarias á convivencia.

Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

#### **i. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección**

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- 1. As condutas seguintes contempladas no artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto:**
  - As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
  - Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
  - Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
  - Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
  - As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
2. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
  3. A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade.
  4. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

### **MEDIDAS CORRECTORAS**

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixiadas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

1. Amoestación privada ou por escrito.
2. Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
3. Realización de traballos específicos en horario lectivo, que non supoñan menoscabo de ningún tipo para o/a sancionado/a.
4. Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
5. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
6. Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
7. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
8. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### **RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS**

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas liñas a), b) e c) do apartado anterior.
- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas liñas a), b), c) e d) do apartado anterior.
- c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oída a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas liñas a), c), d), e) e f) do apartado anterior.
- d) A persoa titular da dirección do centro, oída a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas liñas g) e h). A imposición destas medidas correctoras comunicarse á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

### **SOLICITUDE DE REVISIÓN E EXECUCIÓN DE MEDIDAS**

As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas liñas g) e h) ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/espoderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

#### **ii. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección**

### **CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA**

Segundo o artigo 38. Do decreto 8/2015 de 8 de xaneiro, son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atentan contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

### ***MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA***

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixiadas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas liñas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

### ***A PROPOSTA DE CAMBIO DE CENTRO***

1. A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional.
2. Esta medida correctora non poderá proporse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando a localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.
3. A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.
4. Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos puntos precedentes deste artigo e, logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, con achega do expediente do dito procedemento corrector.
5. O xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificarla e aplicar outras medidas correctoras.

### ***APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS***

A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións enumeradas no apartado anterior de conformidade cos procedementos previstos no capítulo referido á corrección das condutas gravemente perxudiciais para a convivencia do centro.

Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no expediente correspondente as razóns e motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

### ***PROCEDIMENTOS DE CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA***

A corrección de condutas gravemente perxudiciais para a convivencia require da instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: Conciliado ou común.

Usarase un procedemento ou outro dependendo das características concretas da conduta que se vai corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente perxudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.

## **Determinación do procedemento de corrección**

1. A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de **dous días lectivos** desde que se tivo coñecemento dos feitos.
2. A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.
4. Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

### **iii. Criterios para a elección do instrutor (Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado).**

Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.

A dirección do centro educativo encomendará a instrución dos procedementos correctores ao profesorado segundo os seguintes criterios:

- Que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa.
- Que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar.
- A persoa designada non poderá ser profesor/a do alumno/a a quen se lle abriu expediente.
- A persoa designada non poderá ser membro do Consello escolar.

A persoa instrutora terá as seguintes funcións:

- a) Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.

- b) Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
- c) Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto.
- d) Propor á dirección do centro o arquivo das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.

#### **iv. Gradación das medidas correctoras (art.34)**

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 do decreto 8/2015 de 8 de xaneiro tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propicie desta vulnerabilidade.

#### **v. Procedemento conciliado (Cap. IV - sección 2ª)**

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

- a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
- b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

3. O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

- a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
- b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
- c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.



d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

### ***Desenvolvemento do procedemento conciliado***

1. Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.
2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.
3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunhas das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.
4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.
5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.
6. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.
7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto no artigo 53 deste decreto.

### ***Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado***

1. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.

2. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

a) Contribuír ao proceso de conciliación.

b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.

a) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado

### ***Procedemento común.***

---

1. O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

2. O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

### ***Desenvolvemento do procedemento común***

1. A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.

2. A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade. A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

3. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirse acta.

### ***Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas***

1. Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:

a) Feitos probados.

b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.

c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.

d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

2. A dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais

desta/e a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á xefatura territorial correspondente.

3. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos, e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación para os centros concertados.

4. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

5. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

#### **vi. Prescripción de condutas e de correccións (art. 56).**

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescripción comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescripción non empezará a computar mentres esta non cese.

3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescripción no caso de producirse a caducidade do procedemento.

4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

### **3.7. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.**

A comisión de convivencia constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polo representante da Titularidade do centro, polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos,

todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

#### **COMPOSICIÓN**

- O director:	Manuel Jesús De La Fuente Santiago
- A representante da Titularidade	M <sup>a</sup> Placer Viñas Ucha
- O xefe de estudos:	Pablo Vázquez Fontaiña
- Profesorado:	Silvia Álvarez
- O orientador:	Luis Mercado Masó
- O representante do alumnado:	Maira Esperón López
- O representante da ANPA:	Pablo Fernández-Arruty Ferro
- O representante do PAS.	Teresa Fernández
- Secretario:	Pablo Vázquez Fontaiña

O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia do centro concrétese no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

#### ***FUNCIÓNS:***

- Favorecer o desenvolvemento e aplicación do Plan de Convivencia, do seu seguimento, avaliación e revisión. Funcións que serán asumida polo Equipo Directivo cando non estea constituída.
- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia.
- Elevar ao Consello Escolar e recoller na memoria anual da comisión de convivencia as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro.
- Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do plan de convivencia do centro.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica dos conflitos.
- Propoñerlle ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propoñerlle, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar o Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, no que se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia: este informe será trasladado ao Consello Escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro ou o órgano da Administración educativa con competencias na materia.

### **3.8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA DO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMO DO CONTORNO.**

No referente a mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro e coas familias. Estes veñen xa descritos no apartado 4 deste plan *“ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS”*.

A través da Dirección do centro e do departamento de Orientación, establécense mecanismos de coordinación e de información sobre necesidades do alumnado, situacións de emerxencia social, delincuencia, malos tratos etc ... coas seguintes Institucións:

- Departamento de servizos sociais dos concellos de Pontevedra e Poio, naqueles casos de expedientes de absentismo e outros que afectan a alumnado do centro.
- Fiscalía de menores, realizando informes sobre os casos que demanden.
- Servizo de familia e infancia da Consellería de servizos sociais.

### **3.9. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Con respecto as medidas previstas para a difusión do plan de convivencia, adoptaranse as seguintes:

- a) No mes de setembro convócanse, por curso, aos pais/nais do alumnado, aos cales entre outros temas facilítaselles información sobre o plan e as normas de convivencia do centro.
- b) A través das titorías aos alumnos, entre outros temas facilítaselles información sobre o plan e as normas de convivencia do centro.

c) O plan de convivencia está a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro.

### **3.10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA**

#### **Seguimento do Plan de Convivencia**

---

O seguimento do Plan de Convivencia corresponde ao **Consello Escolar**.

Corresponde ao **Director** velar pola realización das actividades programadas dentro do Plan de Convivencia do Centro, garantir o cumprimento das normas establecidas neste plan, resolver os conflitos escolares e impor as sancións que correspondan.

Todos os **profesores** están implicados no desenvolvemento e execución das actividades e medidas contempladas no Plan de Convivencia.

Os **titores** levarán un rexistro das faltas leves, de modo que poidan detectar a necesidade de sancionar a acumulación das mesmas. A súa función constituirá un paso intermedio imprescindible entre a acción do profesor e a do Xefe de Estudos.

O **Xefe de Estudos** levará un rexistro das faltas graves, de modo que poida detectar a necesidade de sancionar as mesmas. A súa función constituirá un paso intermedio imprescindible entre a acción do titor e a do Director, pois así se contará cun recurso máis para favorecer a convivencia e corrixir as alteracións que se produzan.

#### **Avaliación do Plan de Convivencia.**

---

A avaliación do Plan de Convivencia será realizada anualmente por sectores e por niveis, sendo imprescindibles os seguintes:

Avaliación dos alumnos a través das sesións de tutoría.

Avaliación dos Titores e Xefe de Estudos.

Avaliación do Claustro de profesores.

Conforme co seu plan de funcionamento, a Comisión de Convivencia do centro manterá unha reunión trimestral na que estudiará as actuacións realizadas e os resultados obtidos tanto na aplicación das normas de convivencia como na marcha do Plan de Convivencia. De cada unha destas reunión sairá un informe trimestral sobre estas actuacións e posibles propostas de mellora a aplicar.

Antes de finalizar o curso elaborará unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, no que se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. O contido deste informe será incluído na **Memoria Anual**.